


TERRA DE OUTES 54

Abril - Xuño 2021

1€



neste no

A xurisdición de Muros (XVIII).
Que facer cos aforros? (e II).
Arredor das xentes de Outes
e duns tempos idos.
A pandemia da Covid-19 despois
dun ano.
Árbores e bosque na normalización
lingüística galega (e III).
...e as nosas seccións habituais



Entrevista a...
Lidia Vicente

Editorial

Vacinas da COVID-19

Despois dun ano de pesadelo, xa temos as vacinas? Os laboratorios implicados, nun tempo récord e con financiación pública dos estados, conseguiron (conseguimos) o ben máis prezado que poidamos ter para resolver a pandemia do coronavirus.

Calcúlase que 20.000 millóns de euros adiantaron os gobernos ("ricos") do mundo, para investigar e distribuír as vacinas. Para os países da Unión Europea foi un gasto tremendo (pero asumible) pero para os países "pobres" segue sendo un grave problema.

A vacinación ou é mundial ou non vale para corrir a tendencia de mortes: 21500.000 no mundo, 75.000 no estado español e 2.200 na Galiza. Nestes momentos temos 13 vacinas autorizadas no mundo, cunha eficacia e seguridade razoábeis

O concerto cos laboratorios que as fabrican non inclúe que a patente sexa pública e... tampouco o prezo. Así temos déficit de entregas apalabradas, coas consecuencias que isto trae.

Como a pandemia afecta a tódolos países do mundo, a solución ten que ser global e os gobernos deberían expropiar as patentes para poder usalas en toda a poboación en interese da saúde pública e a emerxencia na que estamos: nada é máis importante que a saúde e se a cantidade de mortxs non é suficiente para intervir (a OMS, a ONU etc.) mal imos?

Na Galiza comezamos a vacinar polxs apelidos que empezan pola letra H e en maiores de 80 anos. Á vez xs de 50 a 55 anos (vacina de AstraZeneca). En Outes, vacínase no PAC de Noia, con cita previa. Calculamos que no verán poida estar vacinadx o 60-70%, cando a distribución de vacinas sexa eficaz e poidamos facelo xa nos centros de saúde.

A esperanza está posta na vacina para que remate o pesadelo?

Diccionario xeográfico Xoán Mariño

Chipre. Illa do Mediterráneo de onde proceden os chipreses, árbores propias dos chiminterios.

Euskádiz. Conxunto de navieiras vascas no porto de Cádiz.

Lesbos. Illa grega do mar Exeo, único lugar do mundo onde é posible atopar lesbianas e lesbianos.

Mindanao. Cidade filipina de onde proceden os mindonienses que viñeron dar a Mondoñedo.

Minisota. Sota pequerrecha dunha baralla que dá nome a un estado norteamericano.

Mongolia. Novo estado norteamericano creado e habitado por varios millóns de seguidores de Trump.

Penseira. Aldea de Sabardes de onde son os penseirosos, un dos cales se fixo famoso por retratalo Miguelanxo Buonarroti na capela Medici de Florencia.

Sanlúcar. É como chamaba Chiquito de la Calzada ao apóstolo de Cristo que escribiu un dos evanxeos.

Senegal. País africano habitado por senegalegos, que son chamados así porque é o único territorio do mundo onde non hai galegos.

Togo. País africano de onde son naturais os togados, xente que deambula polos tribunais de xustiza.

Portada: Festa da árbore na Serra nos anos 60

Director: Xosé M. Vázquez Luhía-Especht

Consello de Redacción: Domingo Campos, Xoán X. Mariño, Manuel do Río, Lidia Vicente, Ramón Blanco

Edita: A.C.C. Terra de Outes

Maqueta e imprime: Grafinoia, S.L.

Correo electrónico: terradeoutes@gmail.com

Visita a nosa páxina web:

www.terradeoutes.com

Revista subvencionada por:



**Deputación
DA CORUÑA**



Concello de Outes

Outes. Guía turístico-cultural

A nosa asociación acaba de editar unha *Guía Turístico-cultural de Outes* que será presentada publicamente cando as circunstancias sanitarias o permitan facer sen grandes restricións en canto ao número de asistentes e á posibilidade de os convidar a unha peperetada, como adoitamos facer a continuación dos nosos actos máis importantes.

Esta guía é da autoría de Xoán Mariño, autor moi coñecido entre a xente outense por ser o autor dunha catalogación do patrimonio histórico de Outes en tres volumes que publicaran a editorial Tórculo (1998 e 1999) e a Deputación da Coruña (2003) e que o Concello repartiu gratuitamente por todas as casas do municipio.

Trátase dunha reedición corrixida e ampliada doutra guía turística de Outes que o propio autor elaborara por encargo do entón concelleiro de cultura Manuel Castro en 1991 e que tivera unha notable acollida entre o público ata o punto de se esgotaren a totalidade dos exemplares en pouco tempo; uns anos despois, en 1999, foi reeditada con algunhas ampliacións pola Asociación de Empresarios de Outes, co mesmo éxito.

Nesta ocasión a revisión consistiu en eliminar presentación, datos de situación, clima, poboación e o apartado enteiro de economía, para deixar espazo a maiores textos de historia, sobre todo contemporánea, que faltaba nas edicións anteriores, arte, en particular arquitectura popular, co engadido de hórreos e muíños, que tampouco estaban presentes naquelas, e literatura, coa colaboración de Ramón Blanco, para actualizar datos sobre Añón e engadir referencias aos restantes poetas de Outes.

Tamén se modificaron os apartados de hospedaxe e gastronomía para incluír neles todos os establecementos hostaleiros nos cales é posible desfrutar da estancia, os produtos e os servizos máis esixentes.

24 páxinas de información turística (praias, rutas, restaurantes...), pero tamén un repaso ao máis destacado do noso patrimonio cultural (igrexas, retablos, pontes, escritores...) para ofrecer un motivo de orgullo aos propios habitantes de Outes, que a miúdo descoñecen o importante legado histórico e artístico dos nosos devanceiros. Complétase a guía con gardas en que, ademais dalgúns deseños do pintor Alfonso Costa e un mapa, na contraportada interior se incorporan uns códigos QR que permiten acceder a senllas versións en castelán e inglés do texto impreso integradas na nosa páxina www.terradeoutes.com.



A xurisdición de Muros (XVIII)

Interrogatorio de Cando (III)

Xoán Fco. García Suárez

Interrogatorio de Cando (Preguntas 16 a 17)

16ª.- Á décimo sexta, que os décimos contidos na antecedente, aínda que non poden dar razón fixa da súa cantidade, consideran ascenderán un ano con outro nesta freguesía de **Cando** a douscentos ferrados de centeo, novecentos de millo, cento setenta e seis lagoreiros de liño e la, e setenta reais de años e cabritos. E por razón de primicia cento oitenta ferrados de centeo que un e outro é o que corresponde e percibe o cura, a quen ascenderá a oblata por un quinquenio a cincuenta ferrados de centeo. E todo isto de acordo coa mesma regulación importaría mil douscentos seis reais de billón. A metade do décimo e primicia que nos lugares de Toxeira e Ponte percibe o Priorado de San Xusto de Toxos Outos ascenderalle a tres ferrados de centeo, cincuenta de millo, dous feixes de liño, seis libras de la e seis ferrados de centeo por razón de primicia. E a metade que no lugar de Insua percibe tamén o Mosteiro de San Martiño de Santiago ascenderalle a dez ferrados de centeo, dezaseis de millo, un feixe de liño, tres libras de la, vinte e dous reais de años e cabritos, e seis ferrados de centeo por razón de primicia. Do Voto do Santo Apóstolo que percibe a Mesa Capitular, a sesenta ferrados e medio de centeo.

Os décimos da freguesía de **Alvite** correspondentes ao cura chegarán a vinte ferrados de trigo, trinta de centeo e outros trinta de millo, catro libras de la, doce reais de billón de años e cabritos, catro de cera, quince ferrados de trigo por razón de primicia e a oblata ascenderalle a vinte e catro ferrados de trigo, que todo isto por unha quinquenia regulación importaría cincocentos vinte e cinco reais de billón, que é o que toca ao cura polas súas dúas terzas partes, e a outra terceira parte restante de un e outro corresponde, como queda dito na antecedente a D. Domingo da Cal y Barrera, abade de Santiago de Rubiáns, da Chantría de Ourense como o dono do Simple Sinecura da dita freguesía, e o Voto do Santo Apóstolo ascenderá a vinte e catro ferrados de centeo. Os da das **Maroñas** a trinta ferrados de trigo, vinte e catro de centeo, trinta e seis de millo, catro libras de la, dez reais de años e cabritos, catro de porcos e vinte e catro ferrados de trigo de primicia, que lle importará ao ano segundo a mesma regulación cincocentos catro reais de billón para o dito cura pola metade que leva en todo isto. E outro tanto corresponde ao Marqués da Serra pola metade restante que igualmente percibe. E ademais disto ascenderalle a oblata do cura a trinta ferrados de trigo, e o Voto do Santo Apóstolo outros tantos de centeo. Os da de **Fontecada**, chegarán a cen ferrados de trigo, cento trinta de centeo, douscentos de millo, vinte de millo miúdo, trinta reais de años e cabritos, corenta libras de la, e cento dez ferrados de trigo de primicia; que todo isto nun cómputo prudencial importan a cantidade de dous mil trescentos cincuenta reais de billón, de por metade o cura e o Marqués da Serra, como queda expresado na antecedente. E a oblata que percibe o mesmo cura ascenderá a corenta ferrados de trigo. E o décimo e primicia que enteiramente leva o Arcediago de Trastámara no lugar da Igrexa, da mesma freguesía de Fontecada, chegará a seis ferrados de trigo, oitocentos de centeo, outros tantos de millo, dúas de millo miúdo, oito reais de años, cabritos e la, e tres ferrados de trigo pola primicia que compoñen cento trece reais de billón; e o Voto do Santo Apóstolo ascenderá a corenta ferrados de centeo. Os décimos da freguesía de **Torea** correspondentes ao cura, pola metade que

percibe, chegarán a cento corenta ferrados de centeo, cento setenta de millo, trinta reais de la, setenta reais de años e cabritos, e trinta ferrados de centeo de primicia, que importarán por un quinquenio mil douscentos noventa reais. E outro tanto corresponde ao Marqués de Santa Cruz, que enteiramente leva no décimo e primicia. E a oblata que tamén percibe o cura ascenderalle a cen reais de billón. E o Voto do Santo Apóstolo a corenta e cinco ferrados de centeo. Os da de **Alborés** correspondentes ao cura polas tres cuartas partes ascenderán a cento cincuenta ferrados de trigo, oitenta de centeo, catrocentos trinta de millo, oito feixes de liño, vinte e catro libras de la, cincuenta reais de años e cabritos, trinta de porcos, e cen ferrados de trigo por razón de primicia. E a outra cuarta parte restante en todo isto corresponde ao Conde de Maceda. E os décimos que o mesmo cura percibe das cinco casas dos lugares das Espigas e Chancela que leva *in solidum* por razón de décimo ascenderán a trinta e seis ferrados de trigo, oito de centeo, cincuenta de millo; e de liño, la, años e porcos trinta e seis reais, que xunto coas tres cuartas partes de décimo e primicia que van expresadas, compoñen a cantidade de mil oitocentos dous reais de billón, que son os que corresponden ao cura, a quen lle ascenderá a oblata a cincuenta ferrados de trigo. E o voto do Santo Apóstolo a outros tantos de centeo. Os décimos da freguesía de **San Phelix de Eirón** correspondentes ao cura polas terzas partes que leva deles e na primicia, ascenderalle a doce ferrados de trigo, cento vinte de centeo, cento cincuenta de millo, sesenta reais de billón de años e cabritos, trinta de la, dous de porcos; e setenta e dous ferrados de centeo por razón de primicia; que por un quinquenio importarán un e outro mil trescentos trinta e oito reais de billón. E a terceira parte restante en todo isto pertence a D. Andrés García, crego de menores ordes residente na Corte Romana, como queda expresado. E a oblata que percibe o cura ascenderalle a trinta e seis ferrados de centeo. E o voto do Santo Apóstolo a corenta e catro da mesma especie. Os de **Santa Eulalia de Chacín** que percibe o Arcediago de Trastámara no lugar de Santa Baia chegan a seis ferrados de trigo, dez de centeo e outros tantos de millo; e de la, años e cabritos trinta reais de billón, que todo compón cento trinta. Os que percibe o Arcediago de Santa Tasia en todos os demais lugares desta freguesía pola súa terceira parte, e os que leva o Cabido de Santiago polas súas dúas terceiras partes tanto no décimo como na primicia ascenderán estas tres terzas partes a cento dez ferrados de trigo, outro tanto de centeo, catrocentos oitenta de millo, tres ferrados de millo miúdo, trinta e seis libras de la, corenta e oito reais de años e cabritos, e cincuenta e sete ferrados de trigo por razón de primicia, que todo importará mil trescentos setenta e cinco reais para o dito Arcediago e Cabido, segundo as partes que cada un fai como vai referido. A oblata que percibe o cura vicario desta freguesía ascenderalle a corenta e cinco ferrados de trigo e o Voto do Santo Apóstolo a cincuenta de centeo. Os décimos da freguesía de **Coiro** chegarán a vinte ferrados de trigo, trescentos trinta de centeo, outros tantos de millo, doce años, oito cabritos, corenta libras de la e vinte e catro reais de liño; e por razón de primicia cento vinte ferrados de centeo que por un quinquenio importará un e outro dous mil novecentos vinte e dous reais, que todo o percibe o cura, a quen ascenderá a oblata a oito ferrados de centeo, e outro tanto o Voto do Santo Apóstolo. Sobre todo o cal se remiten para maior verificación ás relacións e testificacións que en orde a isto houber, e responden.

17ª.- Á décimo sétima, que de todo o que contén só hai muiños fariñeiros de pedra negra, propios dos que irán sinalados e os seus consortes, que unicamente serven para o seu propio uso, dos cales se atopan oito¹ nesta freguesía de **Cando** que son os seguintes: o de *Porto Carriño*, de Domingo de Nimo sobre o río do Formigueiro; o de *Domingo De Bargo*, sobre o río de Porto Táboas, que ambos moen todo o ano e nos que regulan de utilidade a cada un doce ferrados de centeo; o de *Cuns*, de Ignacio de Leis, sobre o río de Portomourello; o do *Cobo*, de D. Andrés Martínez, sobre o río da Fonte Dorta²; o de *Pumar*, de Bartholome Vázquez sobre o río de Portobeceros; o de *Carballido*, de Juan Thome; o de *Vilar*, de Ignacio Gorgal, ambos sobre o mesmo río de Portobeceros; e o de *Filgueira*, de Joseph Gorgal; que todos moen seis meses ao ano e regulanlle de utilidade a cada un seis ferrados de centeo.

Na de **Santo Thome de Alvite** atópanse seis muiños chamados: o da *Pesqueira*, de María García, sobre o río da Pesqueira; o da *Porta*, de Nicholas del Bal, sobre o río de Pesadoira; o de *Froxán*, sobre o río deste nome, propio de Roque Vázquez; o de *Bau*³, de Pasqual de San Martín; o de *Cachopo* de Domingo López; o de *Niñarelle*, de Domingo de Casais; que estes tres se atopan sobre o río de Niñarelle e uns e outros moen seis meses ao ano, e a cada un regulanlle de utilidade seis ferrados de centeo.

Na das **Maroñas** atópanse nove muiños, chamados: o de *Abaixo*, de Domingo Peón, O Mozo; o da *Ponte de Santa Mariña*, de Domingo Peón, O Vello; o de *Arriba*, de Alverto Rodríguez; que se atopan sobre o río de Santa Mariña; o de *Silvela*, de Domingo Antonio París, sobre o río de Chancela; o *Novo*, de Alejos López, sobre o río do Castro; o de *Agranova* sobre o río deste nome, de Rosa González; o de *Foxas*, de Caietano Tuñas, sobre o río do Bao do Castro; o de *Pradomuiño* de Cathalina Faxín e o de *Llamosa*, de Francisco de Casais, ambos sobre o río que chaman de Llamosa, e os dous moen seis meses no ano e regulanlle de utilidade a cada un seis ferrados de centeo.

Na de **Fontecada** atópanse sete muiños chamados: o do *Crego*, de D. Joseph Taboada, veciño da freguesía de San Pedro de Outes, Xurisdición da Serra; o *Novo*, de Domingo García; o de *San Martiño*, de Manuel Fajín, que se atopan sobre o río do Batán; o do *Prado*, de Diego Mourelle; o de *Marañoa*, propio de Ana García, que ambos se atopan sobre o río de Porto Cabalar; o de *Soutobó* sobre o río do Bau propio de Domingo Da Laxe, veciño do Couto de Bugallido; que todos eles moen seis meses no ano e a cada un regulanlle de utilidade seis ferrados de centeo. E o do *Cuco*, de Fernando Thome, que moe sobre o río de Alón todo o ano e nel e regulan de utilidade doce ferrados de centeo.

Na de **Torea**, trece muiños e todos sobre o río chamado de Torea, que son os seguintes: o do *Brabal*, de Joseph Castelo; o de *Pozoloureiro*, de María Blanco; o da *Estivadiña*, de Pablo de Priegue; o da *Devesa*, de Domingo de Santiago; que estes moen oito meses e regulanlle de utilidade oito ferrados de centeo. O de *Lestón*, de Antonio Gómez; o de Torea de Francisco González; o de *Pando*, de Cándido de Outeiro; o da *Rañoa*, de Antonio de Santiago; o de *Soigrex* de Antonia, de María Fernández; o de *Avelán de Abaixo*, de Andrés Cantariño; o de *Avelán de Arriba*, de Juan da Rama; e o do *Souto* de Manuel de Beiro; que moen todo o ano e a cada un regulanlle de utilidade nel doce ferrados de centeo.

Na de **Alborés**, atópanse nove muiños, e todos sobre o río de Alborés chamados: o de *Ourense*, de D. Juan Suárez, Presbítero; o de *Entrosrrios*, de Pablo de Outeiro; o da *Lamosa*, de Francisco Pais; o da *Granda*, de Silvestre Rodríguez; que moen oito meses ao ano e a cada un regulanlle oito ferrados de centeo; o chamado de *Arriba*, de Martín Bervea⁴; o de *Abaixo* de Pedro Pereira; o *Novo*, de Rafael de Atán; o *Pequeno*, propio de Juan de Tuñas; e o da *Fervenza*, propio de D. Roque Jacinto da Silva, Presbítero; que todos moen seis meses ao ano e a cada un regulanlle seis ferrados de centeo.

Na de San Fins de **Eirón**, atópanse sete muiños, que todos moen sobre o río

de San Fins oito meses ao ano, e son: o *Novo*, de Antonio de Outeiro; o da *Laxe*, de Antonio Martínez; o do *Penedo*, de Domingo Pérez; o da *Braña*, de Adrián de Insua; o de *Cascallal*, de Antonio Oreiro; o de *Pedro*, de Apolinar Rodríguez; e o de *Arriba*, de Manuela de Santos. A cada un dos cales lle regulan de utilidade anual oito ferrados de centeo.

Na de **Chacín**, atópanse dez muiños que todos moen oito meses ao ano sobre o río de Chacín, chamados: o da *Pontella*, de Marcelo Guntín; o *Novo*, de Mathias Trillo; o de *Abaixo*, de Domingo Sendón; o das *Fervenzas*, de Manuel Rodríguez; o de *Sande*, de Phelipe de Sande; o de *Godóns*, de Dionisio Moreira; o de *Curros*, de Manuel de Noia; o de *Grañas*, de Juan Pérez; o do *Porto*, de Fortuna Caamaño; o *Vello*, de Juan de Montemaior, veciño de San Lourenzo de Matasueiro, desta xurisdición; o do *Castro*, de Matheo do Maio; o da *Pedra da Arca*, de Juan de Moledo; o do *Bao do Lameiro*, de Jacob Moledo; o de *Carballas Cernadas*, de Juan Romero; o de *Garcías*, de Miguel García; e o do *Escribano*, de Simón García. A cada un dos cales regulan de utilidade oito ferrados de centeo.

E na freguesía de Santa Maria de **Coiro** hai dezanove muiños chamados: o de *Ponte Gosende*, de Bartholomé Lestón, sobre o río de Gosende; o das *Baxas*, de Fernando de Bouzas, sobre o río do Bao dos Canais; o da *Devesa*, de Andrés de Riomaio; o de Bagorgoso, de Dona María Andrea Figueroa de Pazos; o de *Gondomar*, de Domingo Gaciño, que se atopa sobre o río da Ponte de Coiro; e uns e outros moen todo o ano e a cada un regulanlle de utilidade nel doce ferrados de centeo; o de *Rueiros*, de Gregorio de Bouza, sobre o río de Badaigrex; o de *Paredes*, sobre o río de Badecarnota; o da *Braña*, de Juan Torea; o de *Pontedans*, de Juan Martínez, ambos sobre o mesmo río; o do *Pego*, de Jacobo Castelo; o de *Corrubedo*, de Francisco das Bouzas; o das *Paxareiras*, de Bernardo Rodríguez; que se atopan sobre o río Pego; o de *Ladomuiño*, de Bernardo de Santiago; o do *Lugar*, de Nicolas Fernández; o do *Tallo*, de Alonso de Teos; o do *Gorgoso*, de Santos da Silva; o de *Baliña*, de Pedro Franco; o das *Fervenza*, de Juan de Alvela; o de *Ribadeagua*, de Juan de Villares; que se atopan sobre o río de Bademuiño e todos moen seis meses ao ano e a cada un dos cales lle regulan de utilidade seis ferrados de centeo, e responden.

¹ En 1753 (data do Interrogatorio) había 8 muiños na freguesía de Cando. O profesor Xoán Mariño contabilizou 21 (*Os muiños de Outes*, Ed. Terra de Outes, 2007).

² Con seguridade trátase de "Fonte da Horta".

³ Probablemente queira dicir "Vao".

⁴ Bervea: cremos que se trata de "Berbia", apelido presente na zona de Mazaricos.



Muiño de Portocarro, chamado *Porto Carriño* no documento, no río que se refiren como *do Formigueiro*, actualmente coñecido como río Donas.

Ó redor das xentes de Outes e duns tempos idos

Mingucho Campos

“Ti dis: Galiza é ben pequena. Eu dígoche: Galiza é un mundo. Cada terra é coma se fose o mundo enteiro. Poderala andar en pouco tempo do norte para o sur; do leste para o oeste noutro tanto; poderala volver andar outra vez e máis: non a has dar andado toda. E de cada vez que a andes, has atopar cousas novas e outras has botar de menos”.

VICENTE RISCO: “Da medida das cousas”
(LERIA, ensaio)

Un mesto manto de brétema gris cobre os espazos físicos delimitados polas cordais do Castelo, Tremuzo, Monte da Pena, Formigueiro, alto da Vaqueira, alto da Raña, Castelo Grande... xunguidas todas elas a xeito de enxarcias. Tan só tenuous fachos escintilan ó lonxe na procura da liberación daquel asoballamento. A terra, o mar e os cursos fluviais do caudaloso Tambre, o Laxoso, Donas, Tins e Bendimón vanse converter en nais nutricias destas nosas terras e a torre vixía do Tremuzo amosará un novo horizonte con perspectivas de progreso para homes e mulleres das nosas aldeas e vilas que así verán colmadas as súas arelas de liberarse da escravitude minifundista, das rendas, da redención foral, da supresión dos décimos e morgados e que os antigos señores perdan parte das súas atribucións. Terán, iso si, que loitar contra a fidalguía e a Igrexa ancoradas no pasado, renitentes á comprensión de que novos tempos son chegados que veñen ensinarnos novos valores máis consontes coa Revolución Industrial. A loita está servida. A vitoria asegurada. Cando non quedaba xa nada o pobo galego emigraba como xeito de liberarse dunha vergoñenta escravitude, os fidalgos morren e as terras son redimidas. Zugaran tanto de bo teto, Igrexa católica incluída e durante tantos anos, centos, que Galicia ficou convertida nunha empresa ó bordo dun esmorecemento do que terá que saír soa e abandonada.

Paga a pena deterse, inda que sexa de xeito breve, nas circunstancias socioeconómicas que marcaron o século XIX. A numerosa poboación galega era, no seu inicio, o 80%, rural, a medra das cidades e a industrialización escasas, polo que a economía dependía case exclusivamente da agricultura, sostida por un campesiñado que tra-

ballaba arreo terras que non eran de seu. A miseria e a fame obrigaban os galegos a renunciar ó seu dereito elemental de vivir na súa propia terra e prodúcese unha ondata de emigración a América. Estamos, nin máis nin menos, a falar de 500.000 persoas, é dicir, unha cuarta parte da súa poboación. Os beneficiarios do anacrónico case feudal sistema que padecía a meirande parte da poboación galega eran a fidalguía e o clero. A ideoloxía absolutista era a que defendían estes, mentres a feble burguesía era a valedora das ideas liberais. A burguesía industrial tiña nomes cataláns e tamén vascos. Será neste ambiente liberal da época de Isabel II cando se produce o Rexurdimento. O levantamento de 1846 foi un dos acontecementos políticos de maior transcendencia de Galicia.

Como explica Ramón Villares na súa *Historia de Galicia* (parte II), un dos eidos en que esta transformación resulta máis patente é no mundo agrario. **Os labregos tórnanse en pequenos propietarios grazas entre outras cousas ós aforros procedentes de América; os campos galegos escoitan falar por primeira vez de adubos minerais, de novas razas gandeiras, de sementes máis produtivas e selectas e tamén de novos medios de labor.** As aldeas galegas vanse ver inzadas de novidades traídas de América que afectan tamén á propia estrutura social, porque desaparecen as fidalguías e adquiren preeminencia campesiños, gandeiros e os emigrantes. Cita Ramón Villares no libro denantes referido unha famosa conferencia pronunciada no Centro Galego de Madrid en xaneiro de 1907 polo político conservador Augusto González Besada que resumiu ben o asunto que estamos a tratar:

“En Galicia ingresan anualmente de 40 a 50 millóns de pesetas en xiros procedentes de América. Con eles pagan os labregos as contribucións ó Estado, as rendas agrarias ó señorío, compran apeiros e sementes, reforman a casa e redímense do servizo militar”.

O século XX foi un tempo de profundas mudanzas en Galicia pola transformación da cultura de base tradicionalmente agraria por unha cultura máis urbana e máis terciarizada. Mais como nos lembra Ramón Villares a intensidade desta transformación non foi constante ó longo do século:

“Hai dúas principais etapas nesta laboría de anovamento da fasquia histórica de Galicia. Unha primeira que ten lugar no primeiro terzo do século, especialmente nas décadas dos anos dez e vinte, e unha segunda que arrinca dos anos sesenta, na que as novidades abrollaron a cachón. Os dous sectores nos que estas transformacións foron máis profundas están vencelladas á terra e ó mar...”

Chegados a este punto cómpre salienta-la paréntese que vai supo-la Guerra Civil e as súas consecuencias funestas que vai carrexar, inda despois do seu remate, para este proceso de anovamento de Galicia. Novamente rexorde a pantasma do devalo e da “longa noite de

Foto 1. O barco *Espiñeiro*, construído no asteloiro de Gosende.



pedra” que caracterizou Galicia durante a meirande parte da centuria oitocentista exceptuando o reviramento que se produciu fundamentalmente nas dúas derradeiras décadas dela coa apertura das vías férreas, a construción das industrias conserveiras, dos estaleiros e doutros obradoiros pequenos igualmente vencellados ó mar. Os carcos da segunda gran marea de emigrantes e navegantes dos anos 60 investíronse en novas empresas e novos servizos. En poucos anos as mulleres e homes de toda a contorna transformaron vilas e lugares arrincando coas súas mans da terra e do mar as materias primas para convertelas en riqueza, benestar e en medra da renda per cápita.

O conxunto de particularidades que presenta o terreo na súa configuración de superficie lévanos a definir Outes como unha terra de contrastes que van condiciona-las maneiras ocupacionais do termo, non só no que atinxe ás edificacións e ó propio poboamento con predominancia na zona norte-noroeste das aldeas compactas dominando unha ampla zona de cultivos vencellados á actividade agrícola-gandeira fronte ó asentamento disperso dos vales e marismas da meirande parte do municipio. Unha particularidade que tamén cómpre salientar é a de que os cursos de auga, regachos, birtas etc. da penachira de Valadares se encamiñan cara ó río Beba, pertencente ó concello de Mazaricos e afluente do Xallas, mentres os máis conflúen con outros cursos fluviais e xuntos ou por separado aflúen á súa desembocadura deica a propia ría de Muros e Noia.

Respecto ó progreso da agricultura de Outes non hai que esquecer que tamén foi debido grazas ás mudanzas no ámbito da mellora das terras de labor, ó reparto dos montes e a súa mellor explotación inda que deficiente, ós ingresos monetarios que chegan ó campesiñado produto das transaccións que realiza, á creación de pasteiros e prados, ó emprego de maquinaria e á selección xenética das razas gandeiras. Foi o que en palabras do catedrático Ramón Villares se pode denominar como a “época dourada das feiras e dos tratantes de gando”, os chaláns. Como comenta Xoán F. García Suarez (100 Anos da Historia de Outes. (1880-1980): “*Temos constancia da celebración de feiras na Serra de Outes ás que acudían dúas veces ao mes (feira e feirón) moitos centos de persoas chegadas de toda a comarca para vender e mercar gando de todo tipo, así como a ampla variedade de produtos da horta e do campo. A regulación legal desta feira remóntase ao ano 1928*). Permanece inda na memoria da nenez e preadolescencia o feito de que os máis novos da unidade familiar eran case sempre os encargados de saca-las vacas a pacer e de lles subministraren herba ou palla seca cando o tempo chuviñoso nin o aconsellaba nin o permitía. Igualmente inda se mantén vivo na memoria o recordo das festas que supoñían para a rapazada, a xuventude e para os propios maiores as celebracións das feiras. Mais consumida xa máis da metade do século pasado o labrego de perfil tradicional, inda que aparentemente siga existindo en moitas aldeas de Outes, é xa unha figura residual a piques de desaparecer como modelo ideal do campesiño que caracterizou durante moitísimos anos a historia do agro en Outes. **Esta transformación do sector agrario outense foi propiciada pola drástica desagrarización que se produciu a partir dos anos 60 ata o remate do século pasado. O monte que desenvolvía o papel de segunda despesa dentro da economía dos fogares outenses foi co paso do tempo desvalorizando a súa encomenda de reserva pecuniaria á que recorrer, en caso de ser preciso, debido á caída dos prezos da madeira.** A industria en Outes estivo trabada coa construción de embarcacións, salientando neste ámbito as ribeiras de Sabardes e Outeiro, e co tratamento da madeira, localizándose os numerosos serradoiros (20



Foto 2. Feira do gando que se facía no actual parque da Cruz.

segundo o censo de 1960) na meirande parte das parroquias outenses. O auxo económico de Noia ligado fundamentalmente á trasfega portuaria e a abondosa materia prima en Outes e a súa excelencia propiciaron a construción de estaleiros (40), obradoiros de barcos e serradoiros perante a demanda de armadores, principalmente noieses mais tamén doutras localidades. **Na época da que estamos a falar, o peirao do Freixo é un dos núcleos económicos máis importantes do termo municipal, habilitado en 1926 para o embarco e desembarco en réxime de cabotaxe de víveres, sal, materiais para a construción, madeiras e demais mercadorías.** Ademais do peirao do Freixo os peiraos de Outeiro e do Cunchido foron centros importantes de carga e descarga. A madeira preparada partía do Freixo nos barcos da familia Barcia, o Parga Moure e o Río Mero, para fornecerlos seguintes mercados: Xerez da Fronteira, Porto de Santa María e Cádiz, con caixas para viños; San Pedro de Pasaxes e Ondárroa, con caixas para pescados e as Canarias portando caixas para froitas, patacas etc. E aproveitando a viaxe de volta viñan cargados de mercadorías que se precisaban en Outes, Noia e en toda a contorna. Esta dinámica industrial deu traballo a centos de asalariados, favorecéndose deste xeito a creación dun importante movemento sindical e tamén a dun grupo de empresarios que van ser protagonistas activos da política local. A Serra de Outes, capital municipal, vai configurándose como un núcleo preurbano e como un pequeno centro comercial e de servizos, así como centro de decisións políticas.

Decontado veu o “boom” do marisqueo, tanto en barco como a pé, que supuxo unha chegada considerable de ingresos ós fogares de Outes e doutras localidades. Mais non podemos deixar no esquecemento que paseniñamente se foi asentando o divorcio entre unha sociedade civil dinámica e unha sociedade política antidemocrática, inmovilista e conservadora. A xente pasou a vivir existencialmente de costas ós políticos e se a xente medra na desconfianza faise moi difícil atopar motivos para deposita-la confianza inda que sexa co cambio de Réxime e coa chegada da Democracia (saliento en maiúsculas estes dous sistemas ou modos de facer e practica-la política).

Breve apuntamento do autor: A falla de espazo significa non poder tratar máis pormenorizadamente este período vivencial. Espero que veñan tempo e lugar para poder darlle continuidade.

Que facer cos aforros? (eII)

Un pouco máis de risco para obter moita máis rendibilidade

Kiko Vidal

No meu artigo publicado no anterior número da nosa revista falamos de varias alternativas para rendibilizar o noso aforo, entre as que incluíamos os depósitos bancarios nos "NEOBANCOS", cos cales podemos obter un retorno, pequeno iso si, pero fixo e sen risco. Agora ben, ninguén se fixo rico conformándose cunha rendibilidade de arredor do 1%, que sería, mais ou menos, a máxima que podemos acadar neste momento se só temos os aforros en contas a prazo.

Se queremos ter unha maior rendibilidade, xa temos que pensar noutras alternativas. Hai moitas no mercado, pero as máis coñecidas son os plans de pensións, os fondos de investimento ou o investimento directo en bolsa. Para que teñades unha referencia, diremos que o famoso índice americano S&P fixo 64 anos o pasado 4 de marzo, e a súa rendibilidade anual, desde o seu nacemento ata hoxe, foi do 7,2% ou, o que é o mesmo, un 620% máis rendible ca un depósito a prazo dos de agora.

- PLANS DE PENSIONS

Os plans son un produto moi popular. Aqueles que non o teñen, seguro que están cansos de rexeitar a oferta do empregado do banco da súa confianza de facer a súa contratación. O banco está moi interesado en vender este produto, pois vincula moito o cliente e, ademais, é moi rendible para o banco, ó levar implícitas unhas comisións que non vemos pero si existen. As características mais importantes dun plan son a súa baixa liquidez e as "teóricas" vantaxes fiscais que ten. Cando dicimos que un plan ten moi pouca liquidez, queremos dicir que non podemos dispor dos cartos agás certos casos. Só se pode dispor do plan cando cheguemos á xubilación, nos atopemos nunha situación de paro de longa duración sen ter dereito á prestación contributiva, teñamos unha enfermidade que nos imposibilite a realización da nosa actividade laboral habitual ou, evidentemente, falecésemos, caso no cal os nosos herdeiros poderán dispor dos fondos. Tamén se pode rescatar cando as achegas superen os 10 anos de antigüidade.

Cando dicimos que un plan ten "teóricas" vantaxes fiscais, referímonos ó feito de que as contribucións que fagamos reducen a nosa base imponible no IRPF no exercicio fiscal no cal fagamos as achegas, pero cando rescatemos o plan teremos que tributar por el coma se fose un rendemento do traballo. Polo tanto realmente a vantaxe reside en permitírnos o aprazamento do imposto para anos posteriores. Este ano entrou en vigor unha normativa que reduce de 8.000 a 2.000 euros as achegas máximas anuais que se poden facer a un plan de pensións individual, aínda que se permiten facer achegas moi superiores a un plan de empresa. Sucede que soamente as empresas máis grandes contan con ese plan de empresa, e polo tanto os empregados da maior parte das pemes non teñen acceso a eles.

Polo tanto, só nos interesa contribuír a un plan de pensións no caso de que teñamos claro que non necesitaremos o diñeiro axiña. Por outra banda, temos que ter moi en conta que só nos interesa esta figura se pensamos que no momento da xubilación os nosos ingresos serán inferiores ós que temos no momento das achegas, pois só esa circunstancia permite obter unha vantaxe tributaria real. É moi interesante contribuír nos anos en que, por algún motivo (incentivos da empresa, ter feito moitas horas extras etc.), obteñamos uns ingresos do traballo substancialmente superiores ó normal ou ós que esperamos percibir ó xubilarnos. Ademais do mencionado, antes de contratar un plan temos que ter moi en conta tanto as comisións inherentes a eles coma o nivel de risco que nós queiramos asumir. As comisións máis comúns son as de xestión e as de depósito, as cales poden variar dependendo do plan, pero normalmente, se se trata dun plan de xestión activa, están na franxa do 1,50%/2%. Estas comisións rebáixanse

substancialmente -moito menos da metade- se contratamos un plan de xestión pasiva. A diferenza entre a xestión activa e a pasiva é que no primeiro caso os xestores do plan deciden en que se inviste, mentres que no caso da xestión pasiva a xestión é máis automatizada e limitase a imitar o que fai un índice bolsista. Aínda que non sempre, os plans de xestión pasiva adoitan ser mellores para nós cós plans de xestión activa, dado o menor custo das comisións. En canto ó risco, existen 7 niveis de risco. Do 1 ó 7, sendo o 1 o de menor risco e o 7 o de maior risco, e sen que isto signifique que o 1 non teña risco. En calquera caso, e no momento actual, non ten sentido pensar en contratar un plan con risco inferior a 3, pois as limitacións que impomos neste caso non permiten que o plan invista en produtos coa esperanza de rendibilidade superior ás comisións implícitas do plan e, polo tanto, perderemos sempre. Tende en conta que o investimento máis seguro, como pode ser a débeda pública de países importantes, ten rendibilidade negativa. Antes da contratación do plan, o intermediario financeiro está obrigado por lei a facernos un test para saber os nosos coñecementos e o risco que estamos dispostos a asumir. A partir do resultado desta proba só poderemos contratar aqueles plans que, en principio, sexan adecuados para nós.

Como é importante ter moi claro certos aspectos á hora de contratar o plan, non é menos importante ter claro o aspecto fiscal no momento da recuperación dos fondos. Un plan pódese recuperar en forma de capital (todo á vez), en forma de renda ou en forma mixta (parte en capital e parte en renda). Como o rescate dun plan tributa como rendemento de traballo, no 99% dos casos non é recomendable rescatalo todo á vez, pois iso será mais gravoso desde o punto de vista tributario. Pese a este dato, gran parte dos rescates fanse en forma de capital, o cal é un claro indicador de que aínda queda moito por mellorar na nosa cultura financeira.

Tamén destacaría que un plan se pode traspasar dunha entidade a outra sen custo, incluso tendo beneficios, pois é frecuente que os intermediarios financeiros oferten bonificacións por traspaso que poden chegar facilmente ó 4%, e incluso superior. Téndeo en conta.

- FONDOS DE INVESTIMENTO

Un fondo de investimento é e o mesmo ca un plan de pensións sen limitacións de importe nin liquidez, pero sen contar coa "teórica" vantaxe fiscal dos plans.

As comisións adoitan ser similares ás dos plans e, coma estes, pódense clasificar segundo o nivel de risco (tamén do 1 ó 7 segundo sexan de renda fixa, mixta ou variable) e segundo o tipo de xestión: activa ou pasiva. Tamén son traspasables entre entidades sen ningún tipo de custo para nós, e tamén, dentro da mesma entidade, son traspasables a outros do mesmo ou de distinto nivel de risco, sen que por ningún deses casos afloremos rendementos e, polo tanto, non teremos incidencia fiscal ata o momento do seu reembolso. Nese momento as ganancias ou as perdas que poidamos ter intégranse na base imponible do aforo, que está entre o 19%, se a nosa base imponible non supera os 6 mil euros, e o 23% se pasamos de 50 mil. Por esta diferenza de tributación segundo importes, pode ser interesante que, de ser o caso, reembolsemos o fondo entre dous, ou máis, exercicios fiscais (lembramos que no caso de rescate do plan, o importe tributa como rendemento de traballo).

Antes da contratación dun fondo, teremos que facer tamén un test que mida o noso nivel de coñecementos financeiros e a nosa aversión ó risco, dependendo do cal nos sairá un tipo de fondo máis ou menos recomendable para nós. No caso do fondo, non ten a cobertura do fondo de garantía de depósitos, pero si é certo que, aínda que quebrease o banco onde temos depositado o fondo, nós

seguiríamos sendo propietarios dos activos nos que está materializado e, polo tanto, non teríamos perdas coa quebra do banco en cuestión. Na crise financeira chipriota, a xente que tiña fondos non perdeu os cartos; malia que o que tivese máis de 100 mil euros nun depósito bancario si perdese ese exceso.

Cando contratamos un fondo teremos que ter moi claro certos conceptos:

- O primeiro é en que inviste o fondo, que poderá ser en renda fixa, renda variable ou mixta. Aquí temos tódalas opcións imaxinables, polo que non nos quedará máis remedio que deixarmos asesorar, e sempre dentro do grao de risco que esteamos dispostos a asumir. Tódolos intermediarios financeiros teñen á venda o que se chaman uns fondos perfilados, que mesturan renda fixa e renda variable con base no risco que esteamos dispostos a asumir, pero ollo, adoitan ser fondos de elevadas comisións.
- Nunca debemos considerar un fondo como un investimento a curto prazo. A experiencia demostra que só ten sentido investir nun fondo cunha expectativa de prazo mínimo de 2/3 anos, prazo que deberíamos incrementar a 5 anos no caso de ser un fondo de renda variable pura.
- **A experiencia tamén demostra que, na maior parte dos casos, resulta máis interesante facer achegas periódicas ca unha única achega, basicamente porque as achegas periódicas mitigan moito o risco de mercado, no sentido de que suavizan as oscilacións do mercado de valores.**
- As comisións inherentes ó propio fondo. As máis habituais son as de xestión e depósito, pero tamén pode haber comisións por entrada, reembolso e incluso pola propia rendibilidade do fondo. Tamén aquí existe unha diferenza tremenda entre os fondos de xestión activa e os de xestión pasiva. Namentres que nos primeiros pagaremos unha media do 1,50/2%, nos segundos pagaremos sobre un 0,50%. Como xa comentei, a xestión pasiva, que ata hai pouco tempo era totalmente residual, está crescendo moito, pola súa eficiencia e baixo custo en comparación coa xestión activa. Neste punto pode sernos interesante contratar unha carteira de fondos de xestión pasiva, é dicir, en lugar de investir nun só fondo, investir en varios con distintos niveis de risco, en distintas áreas xeográficas, en distintos sectores económicos etc. Desta forma equilibraríamos a nosa carteira dun xeito máis razoable. Tamén para estas carteiras indexadas tomaron a iniciativa os “neobancos”, dos cales xa falamos no noso artigo anterior.
- No caso de que nos queiran vender un fondo “garantido”, teñamos moi presente que a garantía só se dá ó pasar un determinado prazo de tempo. Se retiramos antes dese prazo, podemos ter un forte quebranto económico.

Por último, non podíamos deixar de falar do INVESTIMENTO DIRECTO en bolsa, é dicir, na compra de accións. Como nós non podemos comprar directamente en bolsa, temos que contar cun intermediario chamado “BROKER” que executará as operacións segundo as nosas instrucións.

Operar en bolsa supón que temos que asumir o risco de perder cartos, incluso todo o que invistamos, pois no caso de quebra da compañía na que investísemos, seremos os últimos en cobrar e, normalmente, para os últimos non quedará nada. **De tódolos modos, o investimento en bolsa, e sempre que a consideremos como a longo prazo, non ten tanto risco como parece, e ademais é un investimento totalmente líquido, é dicir, que o podemos converter en diñeiro líquido cando queiramos. Por outra banda, sempre sabemos con exactitude o seu valor, pola cotización que teñan no mercado os títulos que compramos. Por enriba, as accións reparten dividendos. No caso da bolsa española, os dividendos medios do IBEX nos últimos anos movéronse entre o 4% e o 5%. Unha das cousas que máis me sorprende na miña vida laboral é que xente que rexeitaba totalmente o investimento en bolsa, pois considerábala de alto risco, si quería de xeito enfermizo comprar participacións preferentes, pois dábanlle un 8% de xuros, ou, ó**

revisares a súa conta bancaria, vías que investía en selos (lembramos as estafas de Fórum Filatélico e Afinsa). Se unha empresa cotiza en bolsa, temos a garantía de que polo menos estamos ante unha empresa que está fiscalizada a través das auditorías e da restante información que obrigatoriamente ten que depositar para poder cotizar na bolsa.

Se decidimos investir en bolsa, é importante que teñamos en conta as comisións que imos ter que asumir. Por unha banda, teremos as comisións do noso “broker”, que nos cobrará por varios conceptos:

Por cada orde de compravenda que fagamos. Esta comisión adoita estipularse por tramos de importe, é dicir, que se a operación de compra non supera os 2 mil euros poden cobrar unha cantidade que hoxe en día se move entre os 3 e os 8 euros por operación, e isto sempre que as accións coticen no mercado estatal. Se queremos comprar títulos por importe superior, ou que en vez de cotizar na bolsa española coticen nas bolsas doutros países, o prezo será moi superior. O certo é que resulta moi sinxelo converternos en socios tanto de Amancio Ortega (se mercamos accións de Inditex), coma de Elon Musk (se mercamos Tesla) ou de Jeff Bezos (se mercamos accións de Amazon), por pór exemplos.

- Por mantemento da conta de valores. Esta comisión adoita ser aplicada trimestral ou semestralmente, e en termos anuais equivalería a un 0,40/0,50% anual, pero tamén aquí existen mínimos que poden incrementar substancialmente a porcentaxe real aplicada.
- Por cada repartimento de dividendos, ou calquera operación financeira que faga a compañía na que invistamos. Adoita ser unha % do dividendo, cun importe mínimo de 1,20/1,50 euros, ós que teremos que lle sumar neste caso o IVE correspondente.
- Á parte das comisións do noso “broker”, tamén están as comisións de corretaxe que nos cobra a propia bolsa, que tamén é unha % sobre o valor de compra, pero tamén con mínimos. Esta comisión é mais barata se compramos os valores de maior capitalización (como por exemplo Inditex, Iberdrola, Santander, BBVA...) e que é de 1,11 euros se a nosa compra unitaria non supera os 2 mil euros. En cambio, nas empresas non tan grandes o canon de bolsa por cada 2 mil euros xira ó redor dos 3 euros.
- Por último, temos tamén a famosa “TASA TOBIN”, ou imposto ás transaccións financeiras, que en España entrou en vigor este ano, e que supón un 0,2% sobre o valor de compra (4 euros cada 2 mil euros de compra), comisión que non se aplica se compramos e vendemos o mesmo día, nin tampouco nas empresas de menos de mil millóns de capitalización bolsista.

Entendede este artigo como un mero relatorio de que existen moitas alternativas a ter os cartos na conta corrente sen lles sacar rendemento ningún. Agora ben, todas teñen pros e contras, sendo de aplicación aquel refrán que di que “o que teña medo ós paxaros que non semente trigo”.

Nota: Nin este artigo, nin os seus datos, nin o seu contido, constitúen recomendación ningunha ou estratexia de investimento. Tanto o autor como TERRA DE OUTES (incluíndo os seus asociados e colaboradores) declinan calquera responsabilidade relacionada co uso que vostede lle dea ós contidos aquí publicados.



Corredor de bolsa. Foto: <https://www.misfinanzasparainvertir.com>

A pandemia da Covid-19 despois dun ano

Dr. Xosé M^a Díos Diz

A investigación das enfermidades avanzou tanto que cada vez é máis difícil encontrar alguén que estea completamente san.

Aldous Huxley: 1894-1963. Reino Unido.

A atención primaria (AP) estaba mal no ano 2019. **E SEGUE MAL NO ANO 2021.** Despois dun ano de *pesadelo*, os recortes producidos polos gobernos de Feijoo (que xa leva 4 conselleirxs de Sanidade... e 2 xerentes do Sergas), xunto coa convocatoria de folga de abril de 2019, foron un punto de inflexión para facer que a Administración abrise unha mesa de diálogo, que levou os sindicatos e diferentes organizacións sociais, científicas e políticas á súa desconvocatoria *in extremis*, polo ofrecemento da Administración sanitaria de constituír o Consello Técnico (CT) de AP de Galiza. Sabiamos que a Administración, cando non quere resolver un problema, promove unha comisión... pois ben, Feijoo promoveu 15! Este CT traballou arreo durante 6 meses, de forma desinteresada, con 208 persoas de diferente ideoloxía que chegaron, en novembro de 2019, ás conclusións que ten no seu poder o Sergas. Deixou pasar un ano (coa desculpa da pandemia...) sen facer nada. Despois de falar co Sergas, conseguimos poñer en marcha o CT, que non leva o ritmo que nós esperabamos e seguen dándonos escusas para poñer en marcha o **novo modelo de AP de Galiza**.

O día 13 de marzo de 2020, o Sr. Sánchez promove o estado de alarma. Un día antes, o Sr. Feijoo proclama o estado de emerxencia sanitaria. Isto é unha constante do que é en Galiza a evolución da pandemia da COVID-19: o sr. Feijoo “**adiantándose**”, e “**facendo que fai**”, ó que posteriormente ditamina o Sr. Sánchez.

O sistema sanitario na Galiza está impregnado de **hospitalcentrismo**. Todo o importante que se fai, dende a aparataxe, o persoal etc. sucede neste nivel asistencial. A **política austericida** dos

gobernos de Feijoo levou a un desmantelamento da AP que continúa hoxe en día. A precariedade laboral que existe (e que se **promove** dende as instancias do Sergas) provoca a falta de profesionais, a falta de estabilidade, a falta de substitutxs, de material, de oposicións reais que cubran as prazas vacantes e que teñan en conta as xubilacións, a alta temporalidade e a falta de persoal, a emigración masiva de profesionais a lugares que de verdade dignifiquen a profesión que tanto traballo custa conseguir (e neses lugares non gastan *un peso* na súa formación e nós formámolxs e non nos beneficiamos da súa profesionalidade), o que leva á deterioración **máis importante que se recorda na AP**, que non é peor pola gran profesionalidade dxs seus traballadorxs!

E chegou a pandemia. Ó principio, as contradicións dxs especialistas e os minutos de gloria dxs políticos de vez fixeron que a incerteza fose cada día maior. Pensouse que o que estaba sucedendo era algo parecido á *gripe común*, pero o tempo foi poñendo de manifesto que estabamos moi equivocadxs: o que se nos viña enriba era algo descoñecido e moito máis agresivo, en tódolos sentidos, do que sabiamos. E mentres tanto, Feijoo que facía? **Modificou a Lei**

galega de saúde unha vez: para retirar 4 xerencias importantes e eliminar a participación cidadá: non ó Consello de Saúde de Galiza e non ós Consellos de Saúde de Área Sanitaria, á parte de consolidar os recortes e as privatizacións. E fixo (está facendo) a **2.ª modificación da Lei galega de saúde**. A plataforma SOS Sanidade Pública de Galiza rexeita o proxecto de reforma, da reformada, Lei galega de saúde, xa que se presenta como unha proposición de lei do **Partido Popular** en lugar de como Goberno da Xunta, para **evitar o informe preceptivo dos Servizos Xurídicos do Parlamento** de Galiza sobre a legalidade desta proposta e tampouco recoller o informe preceptivo sobre o **impacto de xénero**, que está na Lei 7/2004 do 16 de xuño de Galiza para a igualdade de mulleres e homes. Utiliza a alarma social da pandemia. Supón unha reforma innecesaria, dado que a **actual lexislación contén tódolos instrumentos legais** necesarios para afrontar a COVID-19. Recorta dereitos e liberdades que noutras circunstancias non serían aceptados pola poboación. Impón, **baixo ameaza de grandes sancións**, a obriga de realizar probas, vacinacións e tratamentos, invadindo a liberdade de decisión das persoas sobre a súa saúde. Vulnera a Lei de consen-



timento informado. A OMS pronunciouse contra a vacinación de carácter obrigatorio. Outorga un enorme poder ó Comité Clínico (CC), integrado maioritariamente por cargos institucionais designados a dedo pola Xunta, por afinidade política. Avanza cara a un **“estado policial”** ó multiplicar o número de autoridades sanitarias con capacidade de intervir en temas sensíbles para as liberdades e o dereito á saúde. Pretende controlar a vida e actividade das persoas, co pretexto de protexer a súa saúde, utilizando as novas tecnoloxías informáticas (moitas delas en mans privadas). **Establece un réxime de sancións** dunha contía a que non poderá facer fronte boa parte da poboación e moitas pequenas empresas. **En 53 páxinas, emprega a palabra “sanción” en 74 ocasións!** Non prevé medidas para intervir sobre a situación das **residencias de maiores** (moitas delas en mans de grupos multinacionais e da Igrexa) pese a ser o principal determinante da mortalidade: a día de hoxe o 45% dxs mortxs fórono nestas **“rateiras”** onde se prioriza a cuestión económica antes que a sanitaria.

Quen toma as decisións sobre a pandemia? Feijoo e xs seus voceirxs dinnos que o Comité Clínico: pois ben, á parte de que Feijoo fala sempre antes das xuntanzas do CC do que vai pasar, este componse, case na súa metade (47%), de cargos institucionais cuxa designación se fai por criterios de afinidade política en lugar de pola súa experiencia ou coñecementos contrastados. **Falla persoal experto en pandemias.** Excluindo os cargos gobernamentais, 20 dun total de 26 membros da “Comisión de Expertxs” defenden intereses privados ou presentan graves conflitos de interese, pola súa vinculación ás empresas farmacéuticas, incluíndo as que comercializan as vacinas para a COVID-19.

Neste tempo de pandemia, o Sergas e Feijoo promoven a **dificultade de acceso ós centros de saúde**, pechando incluso algúns e promovendo as consultas telemáticas, sabendo que no rural galego o 20% da poboación **non ten acceso a Internet** e o 6-8% das persoas saben usar o móbil de forma moi res-



tritiva. Ademais, por Internet o Sergas **“non permite a consulta presencial”**. Mentres a pandemia continúa, Feijoo segue privatizando a sanidade pública... o de Vigo xa é sanguento. Existe un aumento dos seguros privados nos últimos anos de forma exponencial!

E pensaremos: coa que está caendo, **os orzamentos en AP teñen que aumentar tremendamente: pois non.** O orzamento deste ano é mellor que o de 2020 e mellor que o de 2019, pero inferior en 200 millóns de euros con respecto a 2009, cando Feijoo chegou ó poder na Galiza.

No tema dxs rastrexadorxs, a desfeita xa foi de traca: comezou dicindo que en Galiza tiñamos 6.100, e ós poucos días pedía militares para facer ese labor... en realidade eran 160 persoas para un traballo fundamental no seguimento e detección dos casos positivos e asintomáticos de infectadxs: “Se necesitas militares para facer tarefas sanitarias, é que che sobran militares e que che faltan sanitarixs”.

E chegou a vacinación... ou vacinacións. Diferentes laboratorios, en tempo récord, foron capaces de elaboralas, o que permite ver o final do túnel... se xs responsables de vixiar o proceso de vacinación con fondos públicos fan o seu labor e non permiten que *caraduras* pasen antes de cando lles corresponde!

O desmantelamento da sanidade (e doutros moitos servizos públicos) **produce no rural un efecto devastador.**

Dende un sistema privatizador como o de Feijoo, a estratexia é: primeiro deixo de investir no público, logo o servizo deteriorase, *ergo* teño que privatizalo.

O futuro témolo difícil. A sociedade galega está acostumada a pelexar e a facelo duramente e temos que ter esperanza de que cambie a dinámica de actuación (se non é con este goberno, co que veña a continuación) para facermonos donxs de nós mesmxs!



Entrevista a...

Lidia Vicente

Lidia Vicente (Catoira, 1960) é integrante da directiva de Terra de Outes e mais do consello de redacción da súa revista; na súa representación acudiu, xunto con Xesús Mato, tamén membro da mesma xunta directiva, o pasado mes de decembro a Rianxo a recoller o premio con que Barbantía agasallou a nosa asociación no 2020. Na actualidade xa non desempeña actividade profesional, pero si unha actividade social, cultural e incluso política moi intensa.

Fálanos dos teus primeiros anos.

Con dous anos a miña familia trasladouse a Valencia e vivín alí ata os 12, pero non deixabamos de pasar todos os veráns en Catoira. De volta a Galiza, no 1972, instalámonos en Santiago e alí cursei a EXB, BUP e COU no instituto Rosalía de Castro. E despois estudei FP de Administrativo.

Profesionalmente, a que te dedicaches?

Nada máis rematar os estudos entrei a traballar facendo labores de secretaria e administrativa nunha fábrica de Santiago do sector téxtil, situada na estrada da Coruña. Despois desempeñei, durante un tempo, labores de persoal xeral de servizos para o Sergas, destinada en distintos centros de saúde da área sanitaria de Santiago (Arzúa, Padrón, Pobra do Caramiñal, Lira...). Finalmente estiveron unha pequena tempada vendendo mobles por Santiago e a súa contorna.

Cóntanos, como foi a túa chegada a Outes?

Pasou o tempo en Santiago e no ano 1987 baixo por primeira vez na miña vida na parada do Castromil da Serra de Outes. Xosé, o meu marido, médico entón destinado en Outes, estaba a esperarme no Gaito, un bar antigamente existente na rúa de S. Campio, fronte á actual Casa da Cultura, que por entón tamén daba aloxamento. Por máis sinais era entroido. Xosé establécese en Outes e eu paso todo o ano indo as fins de semana e vacacións á Serra. Logo alugamos a casa do primeiro bar “O Portelo” (na avenida de Fisterra). No ano 1988 deixei o traballo en Santiago e quedamos a vivir na Serra. Un ano despois nace o noso fillo, Adrián.

Que che gustou de Outes para ficar a vivir aquí?

A miña conexión co concello de Outes é intensa, vén sendo o meu paraíso particular. Teno todo: ribeira e montaña. A praia de Broña encántame todo o ano, agás agosto. O pequeno porto do Freixo ten moito encanto, pero a min case me gusta máis o Outes interior. Teño predilección pola Ponte Nafonso, pola ponte do Ruso e a vista dende o Tremuzo. Tamén ten bos paseos naturais e os que máis uso son os de Broña e tamén me gusta o paseo pola Serra unha vez que se

fixo o arranxo da zona da Horta do Muíño ata o Areal. Tamén son moi bonitas as vistas dende as aldeas de San Cosme ou as subidas cara a Mazaricos con contornos preciosos por onde baixa o río. As construcións relixiosas son fabulosas, algunhas sorprenden pola súa maxestosidade, con fachadas imponentes e dentro atopas altares barrocos, coros de madeira, pinturas e esculturas de virxes e santos de artistas de renome, que mostran o poderío e a importancia que deberon ter no seu tempo esas parroquias. Se houbese que escoller, pola proximidade á casa que ocupo, quedo con San Xoán de Roo e o mosteiro de Sabardes no Freixo.

E non podo deixar de referirme á gastronomía: as empanadas e os doces que se fan nas panadarías do concello parécenme unha lelicia, ademais son moi variadas e tamén moi ricas as de millo. Biscoitos, rosquillas, larpeiradas, madalenas, roscas ou “periquitos”... todo saborosísimo. O sector da hostalaría está ben representado en Outes. Materia prima boísima tanto de mariscos, peixes, carnes, verduras e froitas e restaurantes de moita categoría tanto se son establecementos recoñecidos con premios gastronómicos, como os bares de tapeos que teñen moi boa man con eses petiscos tan apetecibles sobre todo en boa compañía.

Descubrí en Outes a carne á pedra, e son moi fan deste prato.

Hai locais de hostalaría aos que sempre volto, moi especialmente aos do Freixo e, na Serra, a casa Amanda, o bar Tines ou o Candil, onde resulta moi agradable a atención e moi apetitosas as súas cociñas. Cando veñen de visita a familia ou amigos normalmente comemos na casa, onde tento esmerarme, coa sorte de ter esa materia prima de excelencia, como xa dixen, pero sempre temos “un punto de encontro” nalgún bar para desfrutar dun bo aperitivo antes de xantar.

Por outra parte fun moi feliz eses anos que vivín aquí (case dez). Fixen amizades que penso serán para toda a vida e mesmo compramos un piso no edificio Morondo onde teño recordos

fabulosos. E tamén o seu ambiente, moi dado á festa. Recordo con cariño a participación no entroido de 1989 nunha comparsa na que representabamos o centro de saúde.

Relátanos un pouco máis.

Acababa de inaugurarse o primeiro centro de saúde de Outes e uns amigos da Serra pensaron en facer a comparsa con ese tema. Un dos principais argallantes daquela entroidada foi Feliciano Vives e, nos baixos dunha propiedade súa, elaborouse con madeiras e cartón a réplica do novo dispensario. No repartimento de papeis decidiuse que fose eu o Dr. Lires, un médico natural de Noia pero arraigado en Outes, onde exerceu a maior parte da súa vida laboral ata a xubilación. Feliciano era o Dr. Ramos, estaba fabuloso no seu papel, o



Dr. Dios era representado por Santos, moi implicado na comparsa, tamén o Dr. Xoán M. Antelo, que o facía Daniel Ramos, ademais do pediatra e persoal de enfermaría, a muller do Dr. Ramos e un elenco variado de pacientes conformaban a comparsa. En xeral estabamos todos moi ben identificados e buscabamos con bo humor algunha característica propia da “personaxe” para ser identificada. Tanto os preparativos como o propio día do desfile no enterro da sardiña así como a lacoada que papamos no Gaito, grazas aos cartos que nos reportou gañar o segundo premio, recórdoo con moita ledicia. Bo humor e carallada continua.

Da túa implicación na vida cultural que nos podes dicir?

En primeiro lugar a participación nun pequeno grupo teatral onde representamos *Os vellos non deben namorarse*, creo que en 1988. A iniciativa penso que partira de Xan García, que a finais dos 80 presidía a asociación cultural Escarabello. O que si é seguro é que colleu o mando da dirección Eladio Lores, mestre no colexio da Serra e a axudante de dirección era Consuelo Lorenzo, *Cochelo*, tamén profe no mesmo colexio; o apuntador era Xosé Dios. Participamos cun dúo protagonista excepcional: Estrella como Lela, e de D. Saturio actuaba Epifanio. O número de actores sería arredor de 15 persoas, todos veciños de Outes, maioritariamente da Serra. Eu formaba parte do coro de carpideiras, onde tiñamos que facer esforzos para chorar e declamar unha soa frase sen escachar a rir. Chegamos a representala, supoño que no Día das Letras Galegas, nun escenario montado para a ocasión na praza que dá entrada ao colexio público da Serra. Houbo moito público entregado e o éxito deixounos encantados.

A consecuencia disto penso que vén o comezo da miña amizade con Xan García e con Xoán Mariño, que estaba na mesma asociación. Nesa época, a través de Xan García, que non só manifestaba inque-danzas culturais, senón tamén políticas moi importantes nun concello encorsetado pola ideoloxía conservadora predominante durante moitos anos, uninme ao grupo de persoas que por aquel entón estaban creando o BNG de Outes.

De maneira que tamén che atrae a política.

Si, fun na candidatura do Bloque ás municipais na lista encabezada por Paco Quintela.

E pouco despois marchaches de Outes.

No 1997 Xosé deixa de exercer na Serra para ocupar praza en Tordoia e volvemos para Santiago, pero, a pesar de vender o piso de Morondo, nunca perdín a conexión con Outes. Volvemos pasar días soltos parando no hostel de Feliciano Vives e tamén nalgún piso que nos cedía algún amigo. Sempre tiven tendencia a volver e mesmo, cando Xosé aínda traballaba en Tordoia, alugamos unha casa en Bendimón, na que residimos longas tempadas.

Finalmente produciuse o vencellamento a Terra de Outes.

Foi nesta época de Bendimón cando nun magosto Xan Mariño me fala da revista *Terra de Outes* e se quero facer un artigo para ela. Así é como nace a miña colaboración coa asociación. Como consecuencia de participar na sección de lecturas recomendadas paso a formar parte do “consello de redacción”, pero sobre todo a coñecer máis xente socia e a participar das actividades. Tamén, sen saber moi ben como, chego a formar parte da directiva. A relación con Terra de Outes é moi gratificante. Hai actividades que me parecen moi interesantes, as homenaxes ás vítimas do franquismo no monumento do Freixo sempre me emocionan, todo o relacionado coa actividade marítima, ter recuperado un muiño, as muiñadas para aprender... e a xoia da coroa, que nunca falla, a revista.

Fálanos das túas afeccións

Teño moitas. Gústame ler, a miña predilección esencialmente é novela, sobre todo galega: Suso de Toro, Héctor Cajaraville, Aníbal C. Malvar, Domingo Villar, Anxos Sumai. Antón Riveiro Coello encántame polo que relata, por como conta as historias e pola súa sensibilidade. Pode ser este un dos meus favoritos. En canto a autores non galegos son moi fan de Eduardo Mendoza, Juan José Millás, Maruja Torres, García Márquez, Saramago... Da época do instituto teño predilección por *Cien años de soledad*, de García Márquez; *O retrato de Dorian Gray*, de Óscar Wilde; *Noite pechada en Bergen*, de Anne Holt, ou un dos primeiros libros que me obrigaron a ler: *Juan Salvador Gaviota*, de Richard Bach. Tamén me gustan as biografías e, en menor medida, o ensaio. A poesía é onde menos me aplico. De todos os xeitos gústame reler os poetas galegos: Rosalía, Uxío Novoneira ou Manuel María. Por suposto tamén a Francisco Añón.

Outra afección é o deporte. Non practico nada máis que camiñar, pero gústame moito o fútbol. A miña preferencia é o Deportivo mais, como non son amiga das rivalidades entre as equipas galegas, tamén me gusta que gañe o Celta. **Pero sobre todo apaixónome o baloncesto. O Obradoiro é o meu club grande. Son socia, vou aos partidos, merco bufanda e deixo en cada encontro moita enerxía animadora. E despois teño o meu club pequeno: o Fontiñas. Son socia tamén, estiven anos na directiva e sigo e seguirei co club mentres exista, que espero sexa por moitos anos.**

A maiores disto, as viaxes son outra paxión. Creio que teño percorrido uns cantos países polo mundo adiante. Encántame viaxar e desfruto a tope alá onde vou.



A ciencia e a educación: armas fronte a pandemia

M^a Paz González López

Se algo positivo trouxo o maldito coronavirus foi que fixo visible a importancia que ten a ciencia nas nosas vidas, na nosa supervivencia individual e tamén na da especie. Como consecuencia, albíscase un certo consenso na necesidade de incrementar a inversión pública en ciencia e dignificar as condicións laborais do persoal investigador; aínda que de pensalo a facelo hai un bo treito. Pero quizais non hai tanto acordo en que sexa necesario darlle unha voltíña ao esforzo que se fai na formación científica na educación obrigatoria, que é a que chega a todas as persoas. Eu penso que temos moito que mellorar nesta cuestión.

Esta pandemia puxo de manifesto a necesidade dunha boa formación científica na poboación en xeral, incluídos os xuíces e xuízas porque ditan sentenzas argumentando se hai risco ou non de que se vexa afectada a nosa saúde; os e as periodistas porque teñen o deber de informarnos sobre medicamentos e vacinas e os seus riscos e beneficios; os políticos e políticas porque teñen a obriga de promover medidas que nos protexan; os gobernos porque teñen que tomar decisións coa base a criterios científicos; e por suposto os cidadáns e cidadás do común porque co noso comportamento individual podemos influír no benestar ou malestar do conxunto da sociedade ademais de no noso propio.

Pero, lonxe disto, a pandemia amosounos ignorantes e fráxiles fronte a calquera que teña interese en convencernos dunha idea por estrafalaria que poida parecer, grazas á facilidade con que pode difundirse e amplificarse nas redes sociais. Unha mensaxe sinxela e impactante pode chegar a milleiros de persoas en poucos minutos. A cada unha chégalle a través de alguén de confianza: familia, amigos, medios de comunicación ou redes sociais nas que adoita informarse; en definitiva, se alguén do que non pode pensar que ten algún interese en mentir, polo que a mensaxe ten que ser certa.

Contra esta fragilidade só temos unha arma: a formación de cada unha das persoas, a súa capacidade de discernir entre unha afirmación que carece de rigor científico e unha que se basea en datos contrastados e en razoamentos científicos. Pero isto non é doado, porque a ciencia non é doada. Poño un exemplo: a maioría das persoas sabemos que o ADN é o material

e o ARN, algo que desde logo non é unha conversa para ter no bar, nin nun fío de WhatsApp, de Twitter ou de Instagram. En realidade, debería bastar con que non lle outorgásemos a mesma fiabilidade a unha “información” procedente de calquera con conta nunha rede social que á procedente dun medio rigoroso. Pero isto só é posible se se ten certa formación para poder distinguir as fontes e para entender que ciencia e opinión non son o mesmo. Con isto non quero dicir que a ciencia non se equivoque nin que sexa aséptica, apolítica e desinteresada. A ciencia fana os e as científicas, que son persoas coa súa ideoloxía e os seus intereses, por suposto, pero ten mecanismos para controlar os posibles excesos e fraudes que se poidan producir. En todo caso, hai un maior control sobre elas que sobre as que se adican a difundir simples opinións ou crenzas.

Así que necesitamos xente formada en ciencia pero temos unha educación que coxea moito neste aspecto, como en moitos outros. Con frecuencia escoitamos que as humanidades perderon peso na educación. Eu non sei se iso é certo, é probable; pero o que si sei, porque son profesora de Bioloxía e Xeoloxía nun instituto de

Educación Secundaria, é que a ciencia na secundaria está case ausente. **Nestes momentos, un alumno ou alumna pode acabar a ESO, a educación obrigatoria, sen ter estudado en ningún momento o ADN, por poñer un exemplo.** Porque a materia de Bioloxía, cuxa importancia supoño que quedou clara nesta pandemia, só se imparte de forma obrigatoria en 1º de ESO con catro sesións semanais (3 horas e 20 minutos) e en 3º de ESO con dúas (1 hora e 40 minutos). É dicir, a Bioloxía e a Xeoloxía como materia obrigatoria na ESO só representa 6 sesións semanais de 128 (32 sesións semanais por curso), un 4,7% do total. Ademais, a maioría desta formación impártese no 1º curso, é dicir, a alumnado




Foto 1. Distribución horaria das materias na ESO

xenético, algunhas porque o estudaron na escola e no instituto, outras de velo en películas, series ou documentais. Todas sabemos que as alteracións do material xenético non conducen a nada bo, nin sequer as que se provocan supostamente para mellorar as especies. Así que a nosa desconfianza natural pode levarnos a pensar que as vacinas de ARN, que soa moi parecido a ADN (e éo), non poden ser boas. Se o negacionista de garda, que sempre está ao asexo, difunde a mensaxe de que coa vacina están facendo un experimento para modificarnos xeneticamente, é moi doado que unha parte importante da poboación o crea. Convencela de que isto non é certo supón explicarlle as diferenzas entre o ADN

de 12 e 13 anos que aínda non ten nin a capacidade nin os coñecementos previos necesarios para comprender procesos complexos. E o mesmo sucede coa Química e a Física, cunha distribución horaria aínda máis cativa: 3 sesións semanais en 2º de ESO e 2 en 3º, o 3,9% das sesións totais da ESO. En conxunto, as ciencias experimentais supoñen o 8,6% do total. Non parece moito, sobre todo se o comparamos con outras materias: as linguas (galego, castelán e inglés, que son obrigatorias nos catro cursos, e francés, que é obrigatoria nos dous primeiros) supoñen o 32,8% do total; Xeografía e Historia (obrigatoria en todos os cursos) o 9,4%; Matemáticas (tamén obrigatoria en todos os cursos) o 14%. Na imaxe pódese ver a distribución horaria das distintas materias na ESO. A categoría "outras" inclúe as materias que o alumnado pode escoller nos distintos cursos, especialmente en 4º, que é cando deben configurar o seu itinerario formativo. Aínda que tanto Bioloxía e Xeoloxía como Física e Química se ofrecen como materias optativas en 4º de ESO, moitos rapaces e rapazas non as escollen porque non son as máis axeitadas para os estudos que queren facer no futuro, porque non lles interesan ou porque escollen opcións que lles parecen máis doadas para acadar o título, razóns todas elas perfectamente lexítimas e intelixentes. Traducindo: eses xuíces e xuizas que ditan sentenzas que poden poñer en risco a nosa saúde, esas periodistas que teñen que informarnos, eses políticos e políticas que lexislan e gobernan, malia ter en moitos casos formación universitaria nas ramas de humanidades ou ciencias sociais, pode que saiban de ciencias experimentais unicamente o que estudaron ata 3º de ESO, ata os 15 anos. E o mesmo ocorre

cunha parte importante da poboación que abandonou o sistema educativo ao titular ou que cursou algún ciclo medio de formación profesional, por exemplo. Non parece que tivesen a oportunidade de adquirir uns coñecementos científicos sólidos, non?


Poida que non sexa necesario que toda a poboación teña un coñecemento profundo das ciencias experimentais, pero si que teña unha certa formación que lle permita entender que só a ciencia e a tecnoloxía nos permitirán superar crises da gravidade desta pandemia, como antes nos salvou da varíola, que foi erradicada no mundo no 1980 grazas á vacinación masiva da poboación. As imaxes reflicten a importancia do desenvolvemento das vacinas e da súa aplicación; nunha delas recóllense as datas en que a varíola foi erradicada nos distintos continentes, na outra un selo que editou Correos para conmemorar o bicentenario da Real Expedición Filantrópica da Vacina, unha interesantísima historia que relata maxistralmente María Solar na súa obra *Os nenos da varíola*. Coñecer feitos

coma estes axúdanos a valorar a súa importancia.

Unha persoa con cultura científica ten armas para protexerse de manipulacións interesadas e é menos vulnerable fronte ás mentiras, á pseudociencia e ás supersticións e crenzas que a poden levar a comportarse de forma irresponsable, poñéndose en risco a si mesma ou outras persoas. Arrepíame, entristéceme e anóxame escoitar persoas, supostamente cultas e en moitos casos con cargos de responsabilidade, reproducindo trolas, desprezando e cuestionando as recomendacións das autoridades científicas e mesmo alardeando da súa ignorancia. Un pobo con formación científica quizais poida facer fronte a este "trumpismo" que se está instalando no poder.


A ciencia tamén é cultura e como tal debería ser tratada. Estase desenvolvendo unha nova lei de educación, espero que o ensino da ciencia saia reforzado nesta ocasión. Espero que non se perda outra oportunidade.

ERRADICACIÓN DA VARÍOLA NO MUNDO



Fuente: CDC (Centers for Disease Control and Prevention)
<https://www.cdc.gov/>

O 8 de maio de 1980 a Asemblea Mundial da Saúde declarou formalmente que o mundo estaba libre de varíola. Un éxito da ciencia e da vacinación universal.



A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto á ponte de San Lázaro) - Tlf. 981 82 42 60

NOIA

Hipócritas!!

Polo que temos oído nestes derradeiros días e meses dende o anterior número, denota que a xente non está moi contenta coas actividades desenvolvidas polo equipo de goberno local. Os cidadáns mostran a súa contrariedade polas distintas actuacións por parte dos que levan a bandeira... bla, bla, bla...

Comentan que a priori o concello encóntrase nunha fase de desmantelamento, que apenas notan melloría con respecto a pasadas actuacións dos gobernos que os precederon... Algúns din que aínda os van facer bos... Xa che digo!!! Notan un concello abandonado, pois catro carteliños novos non van facer milagres.

Acórdanse de cando a finais de febreiro marchara *a lus* quedando as casas á man de Deus, nun concello que está inundado de viraventos por case todos os lados... E aínda andan para que se acabe de encher para forrar a máis de catro... Nos tempos nos que o teletraballo colleu auxe debido á Covid-19, e aínda sen Internet en todo o concello... Inaudito... Todo se vai en boas palabras... *De obra y omisión!!...*

Temos beirarrúas escachadas como para romper unha perna ou, peor, deixar alí os dentes...; temos un paseo fluvial que cada vez que imos por el hai que ir coa póliza de seguros ao día... pois é un risco cos altibaixos que ten no piso... as varandas medio podres ou cunha cara de abandono que non ten xeito... E así queremos vender unha imaxe de Outes?, a quen??

Tamén falaban da posible instalación dun tanatorio no núcleo da Serra, nun concello de 100 km cadrados, e non encontran outro sitio para chantalo que no medio da vila. Compaxinarán as verbenas de San Pedro cos defuntos, se se dá o caso. Que primará, a festa ou o dó?! Pequenos detalles... Vai ser que os alcaldes de Outes queren ser recordados polos tanatorios, si, si, e van por bo camiño... Un sitio onde hai terreo edificable, soares onde mañá poden facer edificios de vivendas, quedando todo polo chan se lle poñen un tanatorio ao lado... Se tanto o queren que o poñan ao lado da súa casa, o alcalde ou calquera dos seus compañeiros de goberno... Ou vai ser que non lles entusiasma a idea?... Por que será??... E a oposición... Se a idea fose tomada polo antigo grupo de goberno, os de Compromiso votarían tamén a favor do proxecto? Temos as nosas dúbidas... E do resto da corporación mellor calar, pois non valen para nada... Vaia, para cobrar si! Todo hipocrisía!!


Lusco e Fusco

ASÍ SI ...



Por fin un soar urbano máis limpo das silvas...
Non foi sen tempo!..

ASÍ NON ...



As caixas de rexistros telefónicos á vista.
Mantemento patético!

ASÍ TAMPOUCO ...



Local público cerrado e as luces acesas unha fin de semana enteira... Temos viraventos!

RESPONSABLE: A SEDE DO PARTIDO (PP)

Despois de toda confrontación electoral o lóxico e normal é que os distintos medios de comunicación informen sobre eles colleitados por cada formación contendente, fagan valoracións sobre os mesmos, que os respectivos columnistas e colaboradores dos medios expresen as súas opinións e que incluso se produzan debates sobre as distintas posibilidades que os resultados das urnas poidan permitir para a conformación de alianzas postelectorais. Lembremos que co actual sistema electoral non se elixen nin ningún presidente nin ningún goberno. Esta elección de presidente é exclusiva competencia de cada cámara xa constituída e unha vez que esta elección se produza será

responsabilidade do presidente a formación do goberno. No tocante á composición da Mesa de cada cámara a responsabilidade tamén recae nos seus membros, xa que logo, ós cidadáns tan só lles corresponde a responsabilidade de elixi-lo número de deputados, senadores, parlamentarios e concelleiros de cada partido contendente. Lembremos igualmente que o sistema electoral vixente só prevé listas pechadas, nunca abertas, igualmente que en función do número de votos obtidos por

cada formación serán estes votos os que determinen o número de deputados, senadores, parlamentarios e concelleiros de cada formación de conformidade co posto que ocupaban na candidatura correspondente. Podíamos engadir máis consideracións sobre o sistema electoral vixente, por exemplo a súa proporcionalidade, o número de electos por cada circunscrición, o sistema de elección de senadores e deputados provinciais etc. etc., porén entendemos que non sería oportuno neste caso concreto.

Do mesmo xeito que lles corresponde ós medios facer esta análise rigorosa tamén as distintas formacións ou partidos políticos adoitan facelo, normalmente arrimando a asuca cara á súa sardiña, é dicir, con demasiada benevolencia para a propia formación, procurando amortecer-las críticas no caso de resultados adversos ou insuficientes e sobredimensionando as gabanzas no caso de seren aceptables ou óptimos. Cada confrontación electoral admite diversas análises dos seus resultados e da súa proporcionalidade, mais sempre haberá quen acade maiores votos e quen ocupe o vagón da cola ou o último posto no escrutinio.

Imos centrarnos na última cita electoral realizada no Estado, a de Cataluña. O claro vencedor foi o PSC con 652.838 (23,04%) cunha diferenza sobre o segundo, ERC con 603.607 (21,3%), de 49.251 votos sobre este, inda que empatados a escanos acadados, 33, cada un dos dous. Mais se facemos outro cómputo, ó PSC custoulle cada escano 1.492 votos máis ca a ERC, feito este que nos amosa unha falla de proporcionalidade entre votos colleitados e escanos atribuídos. Poderíamos seguir a facer outras comparativas, mais ese non é o obxectivo deste artigo de opinión, senón os resultados dos grandes partidos perdedores e tamén, en parte, a diferenza de escanos existente entre o bloque dos independentistas e o dos constitucionalistas (así considerados ou definidos), inda que en ámbolos dous se inclúan formacións de ideoloxías moi diferentes.

Botándolles unha ollada a tódolos resultados das distintas formacións que acadaron representación parlamentaria resulta unha obviedade afirmar que os dous grandes perdedores foron o PP con 109.067 (3,85%) e Cs con 157.903 (5,57%) sufraxios. Toda un desastre sen paliativos para os seus candidatos e para as respectivas cúpulas. Os cidadáns cando acoden a votar poida que se enganen nalgunha ocasión; porén, case sempre atinan na súa decisión. Sen dúbida, os resultados das eleccións catalás deberían constituír un motivo de reflexión profunda para tódalas formacións políticas, mais sobre todo para estas dúas últimas, matinando e facendo unha análise profunda e realista

das políticas que desenvolveron no período anterior a elas e nas responsabilidades que deberían asumir como consecuencia da colleita en votos e escanos obtidos. Esperar isto dalgúns políticos é tanto como demandarlles ós olmos que dean peras. Unha verdadeira utopía a teor do periplo errático de Pablo Casado e do seu equipo directivo!

Ante a falla de asunción de responsabilidades tentan disimula-lo seu fracaso con enganos pueris e falacias. Unha verdadeira mágoa que amosa

a categoría de certa caste política. Sobor de todas salienta a xustificación da derrota do PP polo seu presidente nacional. Pablo Casado *dixit*: A culpa tena a sede do partido en Génova 13. Si, amigo lector, un edificio que foi sede trala formación case desde os inicios, trala fundación de AP polos “sete magníficos” e despois da súa refundación no actual PP. Un edificio emblemático para dirixentes, afiliados e empregados deste partido que nunca se presentou a unhas eleccións nin o pode facer é o máximo responsable do desastre electoral en Cataluña e hai que prescindir del, inda que nel se celebraran éxitos electorais outrora. Pablo Casado *dixit* e os outros dirixentes a calar. A isto si que se lle pode chamar: “ter mando en praza”.

Os sete tesoureiros de AP/PP son testemuñas de excepción das finanzas do partido. Cinco deles tiveron serios problemas cos tribunais de Xustiza por asuntos relacionados precisamentee coa financiación irregular da formación. O nomeamento de todos eles faise a proposta do presidente nacional e son elixidos polo Comité Nacional, ó que pasan a pertencer trala súa elección.

Deixémonos de contos e botemos man do sentidiño galego: Un non merca unha casa arruinada polos mesmos cartos ca outra igual recentemente construída no mesmo lugar. Ou non? Ademais, **Casado non foi vicesecretario de comunicación do 2015 ó 2018 do PP? Tampouco foi director do gabinete de Aznar no 2009? E por último, quen con responsabilidade non coñece as finanzas da súa casa?** A realidade é moi distinta da que nos envorca Pablo Casado. A política é moito máis ca palabras. A política ten sempre o abeiro dos feitos e de nada máis e, precisamente, é o que lle falla a Pablo Casado: feitos positivos, porque negativos, como o da división interna, ten abondo.

Gundar Rial



Árbores e bosque na normalización lingüística galega (e III)

Propostas para
salvármolo
bosque

Xosé Carlos Gz Añón

O remedio ó incendio ten que consistir en políticas para salva-lo bosque, para o galego se-la lingua xeral e normal na Galiza. Mais isto só se pode conseguir con normas imperativas que afecten a xeneralidade, o bosque. Medidas xerais antes ca parciais, estruturais antes ca conxunturais, permanentes antes ca temporais, obrigatorias antes ca potestativas. Ademais, cunhas normas así, con vocación de obrigatoriedade e permanencia, solucionaríase outro problema endémico da normalización galega, produto tamén da política da simple voluntariedade, cal é que moitas iniciativas en prol da lingua, dos concellos, deputacións ou outras institucións, fican paralizadas ou eliminadas cando as persoas ou grupos que as impulsaron son substituídos por outros menos ou nada comprometidos coa lingua. Non debería ser necesario aclararmos que o que propomos non é obriga-las persoas a usa-lo galego (nin lingua ningunha), relato inverosímil e caricaturesco que só se entende como escusa dos grupos inimigos da nosa lingua para o seu discurso falaz da *imposición do galego*. Si que demandamos que se exixa a determinada xente, mais só polas súas responsabilidades concretas (emprego público, profesorado, empresas...) e, sobre todo, que mediante normas, obrigatorias cando corresponder, se creen as condicións para as persoas da Galiza sentírense impulsadas a coñecer e usa-la lingua propia do país, correctamente ademais, e para podermos vivir plenamente na Galiza usando o galego en tódolos ámbitos.

Hai un Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento en 2004, que propón medidas en diversos sectores. Aínda que algunhas poderían ser moi positivas, é ambiguo de máis, pouco ambicioso e, coma sempre, baseado na voluntariedade, co cal, como proba a experiencia, ficou en xeral ignorado. Unha mostra: o plan indica para o sector 1 (Administración) que a lingua de contacto inicial da Administración coa cidadanía debería se-lo galego (por exemplo, nas chamadas telefónicas). Consonte iso, en 2010 o Parlamento aprobou, por unanimidade tamén, unha proposición non de lei, iniciativa do BNG, para implantar esa medida na Xunta. Porén, esas proposicións tampouco non obrigan directamente, así que, malia tódalas unanimidades, acabou esquecida (semella que tamén polo propio BNG) e xamais se plasmou en norma ningunha¹⁰. Polo tanto, a política lingüística ten que mudar de xeito radical se quixermos manter algunha espe-

ranza. Persuasión si, mais combinada con normas obrigatorias xerais para o galego se usar moito e ben. Normas cuxo cumprimento sexa impulsado e axudado mais tamén controlado e exixido, naturalmente. Talvez non se poida implantar con tódalas potencialidades por culpa das imposicións do sistema xurídico-político español, como as indicadas da Constitución, mais aínda así poderíamos facer moitas cousas. Velaquí algunhas:

- Garanti-la presenza do galego en tódolos ámbitos: empresas (segundo xa comentamos), comercio, hostalaría, servizos en xeral, xustiza, notarías, cinema, deporte, espectáculos, transporte, lugares públicos, informática, Internet, telecomunicacións, medios de comunicación...



Apenas algunha árbore talvez galega ("floristería") no bosque castelanizado

- Exixir un nivel real na escola e nos certificados de lingua galega (Celga)¹¹ para que a xente en xeral teña unha calidade aceptábel no emprego do galego. Todo o contrario do que ocorre agora, tanto nas persoas neofalantes coma nas falantes tradicionais. Estas últimas¹² máis acusadamente no léxico (agás obviamente no léxico máis enxebre) e na morfoloxía asociada a el; e aquelas aínda máis na sintaxe e na fonética; mais todas cun galego inundado de castelanismos ata acorar (*Lle vou *a pedir*a *cuenta dos *chicharróns *ao *camarero¹³). Non se trata, insistimos, de simples cuestións de ortografía ou de purismo normativo académico. É moito máis grave.
- Vira-lo modelo educativo cara a un siste-

ma, semellante ó da inmersión lingüística catalá, en que o galego sexa a lingua vehicular total agás nas materias de linguas non galegas¹⁴. Compartilo con outras linguas só terá acaso sentido cando o galego estiver normalizado, mais o escenario actual é precisamente o oposto. Hoxe os meniños e meniñas galegas saben dici-las cores en inglés mais apenas en galego¹⁵; e as mozas e mozos rematan o ensino cun nivel do galego, na fala e na escrita, infinitamente peor có do castelán, non sendo quen, agás excepcións, de empregaren un galego sen continuos castelanismos e outros erros. A derogación, reclamada dende diversos sitios, do decreto da Xunta para o plurilingüismo no ensino (Decreto 79/2010) é necesaria mais non suficiente, pois o sistema anterior simplemente levaba o galego a unha morte máis lenta.

- Exixir demostrar directamente un nivel de calidade na nosa lingua para a actividade na Administración e, en xeral, no emprego público¹⁶. A normativa, xa sempre pouco exixente, sobre o coñecemento do galego para o acceso ó emprego público foi mudando para peor ata permitir que a posesión dun título (da escola ou dos Celga) exima dos exercicios de lingua galega, o cal significa basear todo nunha ficción, pois eses títulos non se corresponden, no galego, con coñecementos reais. E os exames, nos casos residuais en que hai que facelos, moitas veces non son máis ca unha pantomima. A gravidade é aínda maior porque as entidades públicas terían que ser un modelo no emprego do galego.
- Ofrecer unha formación na lingua galega masiva, continua e preferentemente presencial para a poboación en xeral, que deberá ser obrigatoria nos casos de responsabilidade engadida no seu uso: emprego público, cargos públicos, profesorado (tamén, máis aínda, o de galego), medios de difusión etc.
- Tipificar de xeito expreso, no réxime disciplinario do emprego público, a conduta negligente pola cal se publiquen, con cartos públicos, cartaces, letreiros ou outros documentos nun galego incorrecto, ou noutra lingua cando se deba emprega-lo

galego, loxicamente coa consecuente sanción para as persoas responsábeis.

- Multiplica-los orzamentos dedicados á política lingüística, historicamente insuficientes e xa miserentos dende hai anos.
- Ampliar exponencialmente e potencia-los servizos de normalización, obrigando a que tódolos concellos os teñan (aínda compartíndoos excepcionalmente de ser inevitábel), do mesmo xeito que é obrigatorio ter outras clases de persoal. O abandono aquí resulta desolador: estes servizos (case sempre unipersoais) fóronse reducindo ata o punto de que, segundo o Centro de Documentación Sociolingüística, nas provincias de Lugo e de Ourense apenas dous concellos dispoñen deles, malia que na maioría non sexa fácil atopar unha liña escrita correctamente.

Esta nova estratexia, que poderíamos chamar *política da existencia*, é probabelmente a única forma realista de revertir a calamitosa situación actual do galego. Máis factíbel, malia as dificultades, ca outras propostas alternativas, non necesariamente incompatíbeis, como algunhas reintegracionistas fundamentadas en salva-lo galego a través da súa confluencia máis ou menos plena co portugués sobre a base da orixe común e da internacionalización. Porén, para a nosa estratexia ter éxito é precisa tamén unha nova mentalidade social que valore a lingua galega alén do folclorismo e asuma a necesidade de a protexer para que chegue a funcionar socialmente como unha lingua plena, no sentido de ser posíbel vivir plenamente en galego.

A propia aplicación das medidas políticas propostas contribuiría a esa mudanza na mentalidade social, como as medidas antitabaco o fixeron. Mais tamén é necesario troca-las mensaxes tradicionais e omnipresentes baseadas no ficticio *bilingüismo harmónico* e permitir, pola contra, que a poboación galega perciba que as dúas linguas oficiais non deben ser iguais para nós, xa que unha xurdiu aquí de xeito natural e a outra veu imposta dende fóra. Así, a xente podería asumir, o cal agora apenas fai, que o galego é a única lingua propia do territorio e que a Galiza non é bilingüe (diglósica na realidade)

por natureza ou por un destino inelutábel. E moitas persoas galegas que non consideran o galego, por diversas circunstancias, a súa lingua, poderían polo menos recoñecer que si debería sê-lo, e moitas máis concordarían coa política da existencia que propomos.

En resumo, trataríase de invertêrmo-lo escenario actual en que a maioría da xente galega ten o galego ignorado ou, se non, subordinado ó castelán, para chegarmos a outro no cal se considere a lingua prioritaria para todo.

Estes dous piares, uns poderes públicos cunha estratexia exigente e unha sociedade cunha mentalidade consciente da lingua propia, podémolos observar na Catalunya, onde, malia a presión do castelán e malia partiren ó principio dunha situación inferior á nosa na porcentaxe de falantes, están no camiño de o catalán chegar a ser unha lingua normalizada con que poder vivir plenamente.

É certo que a sociedade aquí é outra moi diferente, e por iso non podemos obvia-lo discurso actualmente hexemónico cando di que unha política ambiciosa coma a que propomos provocaría un forte rexeitamento. Nós pensamos, por todo o que acabamos de comentar, que, aínda que tal houbese, sería algo parcial e temporal e que os resultados serían enormemente positivos. Porén, de fracasar, constataríamose acaso que a lingua galega non ten remedio, mais, polo menos, tentárase unha alternativa para revertir a actual situación de suicidio controlado que, de non mudar radicalmente, esta si que leva ó desastre en todo o caso: a unhas árbores cada vez máis illadas sen un bosque en que medraren.

O que non fai sentido é agardar a que mude a mentalidade social para implantar entón medidas ambiciosas. Precisamente porque a sociedade en xeral non é suficientemente activa en prol do galego son necesarias e urxentes tales medidas que, por riba, serían un motor para ese cambio social, para que a razón de Breogán esperte dese sono en que está debruzada. Cambio social que doutro xeito non vai acontecer nunca, máis ben ó revés, como levamos vendo todas estas décadas. Dito doutra maneira, os poderes públicos non poden escudarse na sociedade para seguiren a abandona-la lingua, senón todo o contrario, deben ter unha estratexia potente

que compense as insuficiencias da sociedade neste ámbito.

Tentémolo entón. E cunha nova estratexia coma a que aquí propomos, cos novos conceptos e mensaxes e con normas imperativas para o bosque da lingua galega, tódalas actuacións tradicionais baseadas na persuasión para atraer-las árbores, as persoas, cara ó galego, serán moito menos custosas, máis doadas e efectivas.

E a retroalimentación negativa, indicada ó principio, entre os poderes públicos e a sociedade trocará nunha retroalimentación positiva. Con esas medidas dos poderes públicos, a sociedade pasaría maioritariamente, despois dun tempo, a considera-la lingua galega útil, ó mesmo nivel có castelán, ou incluso por riba, a preferila, por ser ademais a única lingua propia deste territorio, a nosa lingua autóctona. E con esa mudanza na conciencia social, as medidas dos poderes públicos serían moito máis doadas de implantar e de aplicar, e así sucesivamente.

Salvémo-lo bosque pois!... e as árbores salvaranse a seguir.

(10) Aínda de existi-la norma, os problemas non rematarían. Hai moitos anos que a universidade compostelá a ten, mais nin a maioría do persoal a coñece nin se lle exige cumprila. Alén diso, a xustiza española é cada vez máis proclive a anular normas deste tipo. Semella que estamos nunha carreira de obstáculos.

(11) Malia que nos últimos tempos parece que se elevou algo a existencia para os certificados, ás veces aínda se seguen case que regalando. E os cursos presenciais son, dende hai moito, cada vez menos.

(12) Xosé Ramón Freixeiro Mato di que no galego popular está o bo e o mau do idioma (*Sermos Galiza* 434). En *Idioma e sociedade* (Laiovento, 2020) analiza, coas opinións de diferentes especialistas, moitas das cuestións que expomos aquí.

(13) Un par dos erros marcados co asterisco apuntan só a pronuncia, pois, paradoxalmente, a norma vixente permite e ata impulsa esta escrita, o cal leva precisamente á pronuncia incorrecta. Referímonos á contracción *ao* e á omisión da segunda forma do artigo: *v. "Adeus a come-lo caldo"* no n.º 47 da *Terra de Outes*. A oración nun bo galego sería *Voulle pedi-la conta dos rinchóns ó camareiro*.

(14) Debemos prever, aquí tamén, pouca axuda da xustiza. Por outra parte, incluso un sistema inspirado no da comunidade autónoma vasca, de elección voluntaria entre varios modelos, sería mellor có actual: polo menos unha parte acadaría unha aprendizaxe real da nosa lingua, e o resto tampouco non ía ficar peor ca agora.

(15) Comentario de Brais Doval, mestre (rr. ss., 9 de maio de 2019).

(16) A anulación polo Tribunal Constitucional español do deber de coñecer-lo galego non impide que se poida exir ese coñecemento en sectores específicos, e o máis paradigmático é a Administración pública. Mais incluso a isto estamos renunciando.



(Luis Davila, Faro de Vigo)

Xela Arias



Xela Arias en 2003. Foto: Lois A.C. Fonte: RAG

Nada en Sarria, Lugo, Xela Arias Castaño foi unha poeta que destacou polos seus textos e actos revolucionarios para a época, o que a levou este ano a recibir a homenaxe do Día das Letras Galegas.

Ninguén sabía que o 4 de marzo de 1962 ía ser unha data tan importante para a historia da poesía, mais Xela Arias abría por primeira vez os ollos aquel día.

María de los Ángeles (como así foi bautizada), que cambiaría despois a María dos Anxos para acabar sendo Xela, comezou a súa traxectoria como poeta, tradutora, activista e profesional no ámbito da edición nos anos 80 e 90 (nesta última década foi establecido o seu cambio de nome oficialmente).

Filla de Valentín Arias e Amparo Castaño, e sendo a maior de cinco irmáns, Xela estudou na Granxa de Barreiros e no colexio Fingoi de Lugo entre os catro e os sete anos. En 1969 a familia mudouse a Vigo polo novo destino como mestre do seu pai nun centro de Moledo, Sárdoma. No 1976 ingresou no Instituto Castela do barrio do Calvario, para acabar deixando os estudos cando estaba a cursar o COU. Comezou a traballar nas Edicións Xerais de Galicia desde o seu nacemento, no 1979.

Estreouse no mundo literario na década dos oitenta; o seu primeiro libro titulouse *Denuncia do Equilibrio* (1986), mais desde 1980 xa publicaba en xornais e revistas como *A nosa terra*, *Diario 16 de Galicia*, *Faro de Vigo*, *Jornal de noticias*, *Dorna*, *Tintiman*, *Carel*... Colaborou en *Festa da palabra silenciada*, *Luzes de Galiza*, *Boletín Galego de Literatura* e formou parte do consello de redacción de *Viceversa*, revista galega da tradución.

En 1990 publicou, en colaboración co seu marido, o fotógrafo Xulio Gil, *Tigres coma cabalos*, obra que tivo gran repercusión e na que mesturaban poemas e imaxes de espídeos da autora. O libro querenos transmitir unha mensaxe de sinceridade e da procura dos sentimentos máis básicos. En *Darío a Diario* (1996), Xela Arias ofrece unha reflexión sobre a súa propia experiencia maternal.

No curso 1999-2000 exerceu como profesora de Lingua

Castelá e Literatura no ensino secundario nos institutos Terra de Xallas, Paralaia, Valle-Inclán, Xelmírez II e Valadares II. Nos anos seguintes foi docente nos seguintes IES: Chapela, A Sangriña e Alvaro Cunqueiro. Traduciu moitos recoñecidos autores, como poden ser Camilo Castelo Branco, Gianni Rodari, Jorge Amado ou Roald Dahl.

O seu derradeiro poemario, *Intempériome*, sae á luz o mesmo ano da súa desaparición, na editora de Miguel Anxo Fernán Vello. Neste inesperado testamento poético aparecen as súas letras máis persoais e nel reclama a liberdade de maneiras varias.

A miña lei, de me nacer así tan negra por elección.

Hai poemas, escrituras e textos que aínda hoxe seguen inéditos, pero o que temos claro é que a poeta gañou este recoñecemento con todo o seu dereito e a pulso.

Xela Arias morre o 1 de novembro de 2003, cando se cerra un ciclo de 41 anos de loita dunha escritora, en palabras de Ana Romaní, “precisa, extrema e de palabra tensa e contida. O seu é un nome que se pronuncia sen xeración, sen grupo, desas voces singulares, inclasificables, que se constrúen nas marxas dos manuais”.

De certo, a vida ía en serio.

Xela Arias (1962-2003)



Denuncia do equilibrio (1986), primeiro poemario de Xela Arias con cuberta de Xosé Guillermo. Fonte: RAG

Fontes:

Galipedia:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Xela_Arias

Real Academia Galega:

<https://nova.academia.gal/letras-galegas/2021/xela-arias>

Biblioteca Virtual Galega:

https://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=XelArias1&alias=Xela+Arias

Consello da Cultura Galega:

<http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=18>

Andrea Núñez Piñeiro

Alumna de 4º ESO

IES As Insuas (Serres - Muros)

RELATO

O ESPELLO

Todo sucede como cada mañá: almorzo, recollo, cago, lavo as mans e os dentes, dúchome.

Mírome no espello. Contemplo o mesmo rostro: aínda medio novo, xa medio vello, aínda algo vivo, xa un tanto morto.


De súbito, o cristal do espello escachízase.

Daquela, moita xente fai esforzos enormes por recompoñelo. Familia, amigos, coñecidos, expertos, todos lle dan voltas e máis voltas ao asunto. Un concienciado traballo de recomposición, as discusións, os matices: « Pois eu creo que...», « Desde o meu punto de vista deberíase...»

A pesar de todo, a cousa non ten pinta de irse solucionar. Algún fragmento é tan diminuto que resulta imposible atopalo, outros semellan demasiado rebeldes como para axustalos nalgún lugar. Ademais, din, algún anaco pasou, sen dúbida, a barreira do material e neste campo o saber humano perde capacidade de acción. De modo que o cristal queda tocado para sempre de maneira irremediábel. Todos afirman con moita seguridade e congoxa que nunca volvería ser máis eu, que ao pouco tempo me convertería nun ser máis e máis estraño até quedar irrecoñecíbel aos ollos dos demais.

Espertei lixeiro e riseiro despois deste soño...

Eloy Herella



LECTURAS RECOMENDADAS

A DÚBIDA

María Reimóndez

Editorial Xerais
XIV Premio de Novela por Entregas La Voz de Galicia.

A dúbida é unha novela breve estruturada en 129 capítulos moi curtos, de xeito que cada detalle que achega a narración é imprescindible para o desenvolvemento e comprensión do texto.

Cada un destes capítulos centra a acción na protagonista, Dina, que xa no comezo da obra introduce a trama: a policía preséntase na casa para deter o home de Dina por un delito de abuso sexual. A partir deste momento, nun relato moi dinámico, temos ante nós unha muller que vai da incredulidade inicial polo acontecido, a pasar pola dúbida para chegar á confirmación e deste xeito adentrarnos na progresión psicolóxica da protagonista.

A dúbida é tamén a historia das complexas relacións humanas. Imos da man de Deli para poder entender como unha relación correcta e mesmo rutineira ten unha deriva tan cruel e destrutiva. Coñecemos realmente as persoas coas que vivimos?, “unha dúbida” que lle toca resolver á protagonista e que a autora tamén nola traslada ás lectoras e lectores.


Hai que destacar desta novela o seu carácter feminista: no cóctel explosivo de abuso sexual e corrupción política intuimos que a denuncia de certos delitos cometidos polos homes teñen un grao de desculpa social. Ante isto a protagonista ten unha reacción comprometida e valente que proporciona a resolución ao relato e nos fai reflexionar sobre a situación pola que atravesan moitas mulleres silenciadas polo poder.

Acabamos de celebrar hai pouco o 8 de marzo, día da Muller, que reivindica a igualdade e os dereitos das mulleres. Causa xusta e incuestionable. María Reimóndez, nesta novela, mostra o seu compromiso co movemento feminista e, ademais, agasálanos con porcións de intriga e de trama psicolóxica.

A dúbida é unha novela moi curta, para ler nun par de horas, polo que vos convido a que a desfrutades no voso tempo de lecer porque non vos deixará indiferentes.

Sabemos quen son, realmente, as persoas que temos ao noso carón?

Lidia Vicente



CONSTRUCCIÓNS BLANCO

Traballos de
Albanería
e Cantería

Teléfonos: 981 769 439 – 635 946 920

Boca de Oroña, nº 6 – Cando – 15.286 OUTES (A Coruña)

Páxina web: construccionblanco.com
facebook.com/construccionblanco/



REFLEXIÓNS SOBRE MEU PAI

Meu pai morreu hai catro anos, marchou amargado e solitario.

Foise da casa cando eu tiña catorce anos, alegando que quería vivir a súa propia vida. Fíxoo a pesar de que non tiñamos que comer.

Foi un alcohólico, aínda que dicía que podía deixar de beber en calquera momento.

Xamais me abrazou porque, consonte el, os homes non se demostran tenrura.

Non xogou comigo nin cos meus irmáns, porque iso era un asunto de nais.

Non sabía nada de min, pero, cando eu cometía un erro, era implacable comigo.

Dicía que traballaba para a súa familia, non obstante na práctica eramos a última das súas prioridades.

Durante anos tivenlle resentimento. Marquei con ese rancor todas as miñas ilusións, e fixen máis frustrantes as miñas desilusións.

Un día casei cunha muller marabillosa, e prometín que non ía ser coma el.

Pensaba que ser un bo pai era tratar ben os meus, darlles o mellor que puidese, e estar con eles cando me necesitasen.

Un día pregunteille á miña esposa por que os nosos fillos non me facían caso a min, senón

que llo facían a ela. Quería pescudar porque os nenos non gozaban estando comigo.

Sabes? respondeume-. Cando estás con eles, falo máis porque é a túa responsabilidade e non porque sexa o teu privilexio. Os nosos fillos van gozar de ti só cando ti goces deles.

Deime conta que era tanto o meu resentimento e o meu desexo de ser diferente a meu pai que me estaba parecendo a el.

O meu pai non estaba na casa por borracho e eu por responsable.

El era afastado porque os nenos eran cousa de mulleres, e eu porque quería ser estrito e educalos ben.

Entón comecei a descubrir as marabillas de pasar o tempo cos meus fillos, a xogar con eles, a integrarme nas súas vidas.

Deixei de intentar que eles fosen como eu esperaba, e comecei a apreciar máis o que eles eran.

Permitir inspirarme coas súas alegrías e espontaneidades. Caín na conta de que eu podía medrar con eles.

Xa non me esforzaba por ser o adulto que o sabía todo, máis ben inclinábame a ser máis a persoa que quere ensinar, pero que tamén está disposta a aprender. Que non só sabe dar, senón que sabe recibir.

Isto non foi doado. Aínda me descubro autoritario, afastado, ríxido, e impulsivo.

Entón recordo que iso non é o que son, e ábrome de novo ao agasallo da vida, dos meus, da miña esposa e dos meus fillos.

Agora celebro a miña oportunidade de ser un bo pai, os abrazos dos meus fillos, os exércitos de ananos que crean caos de fantasía, que rompen os nosos esquemas a punta de sorrisos e incidencias.

A infancia do meu pai foi máis dura ca a miña.

Ensináronlle que a vida era unha carga.

El, para o seu pai foi unha carga.

Non coñeceu a tenrura nin o apoio, ninguén se sentiu orgulloso del, e el tampouco aprendeu a sentirse orgulloso de si mesmo.

Papá, antes de que te foras quixera dicirte que para min, ao igual que para ti, ser un neno non foi doado, pero é máis difícil ser adulto se encadeo a miña vida e a dos meus aos rancores e aos fantasmas do pasado. Quero perdoarche, darche a liberdade no meu corazón de ser un bo pai.



Recoñecer que á túa maneira, fixeches o mellor que puides coa túa vida.

Sei que sentiches a dor dos teus propios erros.

Non vai ser doado converter en anxos as miñas fantasmas, pero abrirei con determinación as portas da aceptación e da gratitude.

Papá, síntome orgulloso de ti, porque sen ti eu non sería o que son, porque a túa vida axudoume a atopar o meu camiño, a túa dor axudoume a evitar a miña, as túas calidades florecen en min, e valoro como un tesouro herdado de ti.

Sería importante que cada un puidese hoxe reconciliarse co seu pasado, valorar o bo da vida, e agradecer a aqueles que achegaron o que hoxe somos.

Manel Monteagudo

FOTO ANTIGA



Volvemos retomar de novo unha vez máis esta sección, adicada nesta volta a unha foto que, a simple vista, denota unha emoción nova, emerxente e tamén, por que non, un mundo novo de emocións compartidas.

Como un espello da gloria pasada, da leña queimada, da soledade mollada polas bágoas dos futuros adeuses, dos abures

perdidos na memoria, dos mesmos soños repetidos noite tras noite... Ai, que foi da beleza, daquel esplendor que o envolvía todo e parecía ser un o que non era?... Puro romanticismo, a natureza do sentimentos, que nos arrastran unha e outra vez polos camiños das bágoas, escollidos estes de maneira previsora, ou polo menos apurada...

Os soños vanse esvaeando e coa mesma unha tristura aflora dos corpos e das súas cabezas, e tamén dos seus corazóns...

Forman parte esencial desta paisaxe, dunha Galicia labrega, chea de humildade, mais en calquera momento expresa a súa vontade de tirar para diante, expresión necesaria do seu propio estilo, expresión mesma desa paisaxe, ese agrupamento tan necesario para levar unha vida social en harmonía...

Non é doado adiviñar as súas vidas, nin sequera os seus sentires máis internos, os pensamentos acostumados, as contradicións diarias, tráxicas en espírito; mais non todo está perdido, pois faise sentir... Volve a esperanza!!

Xastre

GASTRONOMÍA

Galletas Pim de marmelada...

Ingredientes para a masa:

125 g de manteiga en pomada, 100 g de azucre glas, 1 culleriña de azucre vainillado, 3 ovos, 220 g de fariña, 8 g de lévedo Royal e 1 pinga de sal.

Tamén necesitaremos 300 g de marmelada, poden ser de amorodos, arandos.. e 4 follas de xelatina.

Para o baño, 150 g de chocolate para sobremesas, e 25 g de aceite de xirasol.

Elaboración:

De primeiro xuntamos os dous azucres coa manteiga, e de seguido os ovos e a fariña xa mesturados co lévedo e o sal. Mesturamos ben todo ata que dá unha masa compacta que pasaremos a unha manga pasteleira.

Iremos depositando porcións dela na placa do forno -utilizar papel de cociña-, que non estean moi xuntas, pois aumentarán co paso polo forno uns 5-6 minutos, despois de prequentalo a 225°. Van saír esponxadiñas, coma un biscoito.

Por outro lado, derreter a marmelada a lume lento, e ter a xelatina en auga fría. Coa marmelada quente, xuntámola coa xelatina escorrida ata que se compacte todo.

Cun coitelo aplanamos os biscoitiños e cubrímoslos coa marmelada e van á neveira para endurecérense. Despois de derreter o chocolate no microondas xunto co aceite, macerámolo ben ata deixarmos unha pasta homoxénea, na cal iremos bañando as galletas polo lado da marmelada, e despois de escorrelas ben colocámolas nunha bandexa, metémolas na neveira para que acabe de callar ben o chocolate... e listas para servir.

Julia Seijo

Receita gañadora no III Concurso de galletas da O.T. Correos Bertamiráns 2021



Añón, secretario dun lord inglés (VII)

Ramón Blanco

“Dice la Biblia que la soberbia es lo que arrojó al ser humano fuera del paraíso y lo que empieza como tragicomedia, y hace llorar y reír a partes iguales, suele terminar con un final amargo. Pero con Boris, que de pequeño le decía a su hermana que de mayor quería ser el rey del mundo y que ha destronado a todos sus adversarios, todo milagro es posible hasta que se cierre el telón”.

(Dunha noticia no xornal dixital madrileño La Información en decembro de 2019)

Non é o teatro mala escola para a política. O primeiro é unha das grandes artes da palabra e do xesto; a segunda tamén o é, mais devén acotío, cando cae o pano, nunha arte da nada (e nunha arte danada). Gababamos na anterior entrega canda as douradas ás da intelixencia de Boris Johnson (o arteiro, o fecundo en argucias) o natural dote para o seu oficio ou arte sombría, sen constarnos que fose nunca activamente iniciado nas grazas de Talía e de Melpómene. Acostumamos comparar o xogo político co do xadrez, e non estará mal de todo, mais cómpre non esquecer a escena teatral. Canto se aprende no taboleiro e sobre as táboas! Máis táboas terían os nosos discentes se o xadrez e o teatro se xeneralizasen na vida académica. E esa aprendizaxe non tería que usarse necesariamente para malos fins (hai que lembralo, πολιτικός, “politikós”, significa etimoloxicamente “dos cidadáns” ou “do Estado”): Ben acaba o que ben está (*All's Well That Ends Well*, por dicilo na cómica doce lingua de Bojo).

Xa que rematamos o artigo previo falando de vidas paralelas, non estará de máis volver referirnos a Manuel Pardo de Andrade, con quen abriamos, hai xa máis dun ano, esta serie dedicada aos nosos desvelos sobre o tal lord S. (deixémolo así por agora, como mostra das múltiples incógnitas da súa identidade, agravada por cada nova grafía onde cremos ler o seu apelido, como se verá). O crego liberal Pardo de Andrade naceu fidalgo e fíxose xornalista (ademais de “poet and philosopher”, segundo o caracterizou o “Lake Poet” Robert Southey), mais tamén foi actor, actor ao seu xeito na febril obra política do século dezanove na Península Ibérica, da que tivo que saír por patas cara ao exilio. Non actuou pois en ningún teatro (aínda que recitase os seus parrafeos de lume e ferro nas tabernas compostelás) mais naquelas décadas que abalan entre os seus dous séculos (vivió entre 1760 e 1832) tería ocasión de asistir aos esplendorosos teatros de antano, mormente cando os seus pés pisaron na Inglaterra, na Bélxica, na Alemaña ou na Francia. Nin moitos famosos actores daquela viaxarían tanto.

E falamos de actores porque cando, hai xa ben anos, procuramos algo máis da identidade do lord de marras viñemos bater cun “Mr. Shawford” nun periódico londinense (*The Gentleman's Magazine*) en 1813, cando Pardo de Andrade xa está a sentir as dentadas dos cans dogos da censura (case a preparar as maletas do exiliado) e o noso Farruco Añón debía estar, meniño aínda alleo a todo, botando a andar. Inicialmente desbotámolo, non pola data (recórdeuse que o lord que coñecería Añón en Lisboa non podería ser antes de 1846), senón por tratarse realmente dun danzarín, isto é, un artista da farándula, e non o diplomático que pretendíamos buscar.

Turrando do fío, en *The Life of Mrs. Catherine Clive, With an Account of Her Adventures On and Off the Stage, a Round of Her Characters, Together with Her Correspondence* (por Percy Fitzgerald, Londres, 1888) atopamos o actor “Mr. Shawford”, mais estamos xa na órbita do final do século XVIII, pois a famosa actriz e cantante Kitty Clive nacera en 1711 e morreu en 1785. De feito houbo unha saga de actores co apelido “Shawford” (sen guiño) no século XVIII, como se testemuña no volume nº 13 (pp. 298-300) de *A Biographical Dictionary of Actors, Actresses, Musicians, Dancers, Managers & Other Stage Personnel in London, 1660-1800* (Philip H. Highfill et al., Illinois, 1991), un inmenso monumento ao mundo teatral de antano na gran urbe inglesa.

Un daqueles vívidos espazos dedicados á arte escénica foi o Britannia Theatre que funcionou entre 1841 e 1900 en Londres (en High Street, Hoxton). Esta empresa tamén se denominou nalgún momento Royal Britannia Saloon ou mesmo Britannia Tavern. Foron ben exitosos os melodramas alí representados. Tal foi o caso, ao pouco de abrir o Britannia, de *The String of Pearls*; or, *The Fiend of Fleet Street* a primeira adaptación para escena, escrita para a ocasión por George Dibdin Pitt (actor-manager do propio teatro), da historia de Sweeney Todd. É este un dos personaxes máis coñecidos do imaxinario folclórico do Londres vitoriano: o barbeiro demoníaco da rúa Fleet, quen disque asasinaba os seus clientes, algúns degolados coa mesma navalla de afeitar. E o crime non remataba aí: despois, cos cadáveres fabricaba pasteis de carne a señora Lovett, dona da exitosa pastelería contigua á barbaría. Como se di, un negocio redondo. Na adaptación de Pitt o público quedaba pampo ao ver en funcionamento a cadeira de barbeiro a envorcar o cliente ao tempo que se abría unha trampa no chan para matalo, caendo ao subterráneo (que comunicaba co local da cómplice Lovett, a pasteira, quen recollía o ingrediente principal xa cadáver), como pode verse na imaxe, que ilustra o elenco da obra. Un dos actores é Mr. S. Sawford. E por hoxe o pano baixa.

